

CUADERNOS ATENEO FERROLAN

ANO 7

Nº5

1987.



**catalogación castrexa
da bisbarra de ferrol**

INDICE

- Limiar..... páx. 7
- Mapas..... páx. 9

CONCELLO de FERROL

- Castro de Lobadiz..... páx. 12
- A Croa de Fontá..... " 14
- O Castelo dos Nouros..... " 16
- Castro de Papoi..... " 18
- Castro de Tralocastro..... " 20
- A Croa de Leixa..... " 22
- Os Castros..... " 24
- Castro de Vilasanche..... " 26
- Castro de Vilela..... " 28
- Castro de Sta. Icíá..... " 30

CONCELLO de NARON

- Castro de Quintá..... páx. 34
- Castro da Cruz do Castro..... " 36
- Castro de Sequeiro..... " 38
- Castro da Revolta..... " 40
- Castro de Sedes..... " 42
- Castro de Vicás..... " 44
- Castro da Ermida..... " 46
- Castro do Couto..... " 48
- Castro de Sta. M^a de Castro..... " 50
- Monte do Castro..... " 52

CONCELLO de FENE

- Castro de Prismos..... páx. 56
- Castro de Cardoeiro..... " 58
- Castro de Magalofes..... " 60
- Castro de Orra..... " 62
- Castro de Río Castro..... " 64

CONCELLO de ARES

- O Coto..... páx. 68
- Castro de Ares..... " 70
- Castro de Punta Caamouco..... " 72
- Castro de Sta. Mariña..... " 74

CONCELLO de MUGARDOS

- Castro de San Victorio..... páx. 78
- Castro das Escadas..... " 80
- Castro de Mehá..... " 82
- Castro de Mugardos..... " 84

CONCELLO de NEDA

- Castro de Ancos.....páx. 86
- Castro de Viladonelle..... " 88

CONCELLO de VALDOVIÑO

- Castro da Frouxeira.....páx. 90
- Castro de Castrillón..... " 92
- Castro da Praia do Rodo..... " 94
- Castro de Punta Taraza..... " 96
- Castro de Aviño..... " 98
- Castro de Lodeiro..... " 100
- Castro de Casianes..... " 102
- Castro de Vidueiros..... " 104
- Castro de Poulo..... " 106
- Castro de Crecente..... " 108
- Os Castros (Pantín)..... " 110
- Castro de Lagoa..... " 112
- Castro de Vilarrube..... " 113

CONCELLO de SAN SADURNIÑO

- A Croa do Castro (1).....páx. 116
- Coto do Castro..... " 118
- A Croa do Castro (2)..... " 120
- Castro de Castrelo..... " 122
- A Croa de Castrelo..... " 124
- A Croa..... " 126
- As Croas..... " 128
- Relación de Castros desaparecidos.....páx. 129
- Debuxos.....páx. 131
- Fotografías.....páx. 133

LIM I A R

Este traballo, quinto Caderno do Ateneo, é unha catalogación arqueolóxica dos castros da bisbarra de Ferrol.

Un castro é un resto de asentamento de poboación protohistórica que habitou o noroeste da Península Ibérica durante un período que abarca dende a derradeira fase da Idade do Bronce (Bronce Final-1.200/1.100 a.c.), pero é na Idade do Ferro (600/500 a.c. sobre de todo) cando a cultura plásmase dun xeito acentuado e de maior florecimiento, seguindo en moitos casos su poboamento na época romana e mesmo medieval.

En canto o seu emprazamento, situábanse en lugares de trabaloso acceso que facilitaban a súa defensa; deste xeito, temos castros costeiros (de península) e castros de cume, non descartando por isto aqueles emprazados en chairas, ladeiras de monte, etc.

Morfolóxicamente, os elementos que veñen a compor un castro son:

- Murallas defensivas exteriores. Cercan o recinto total ou parcialmente; pódense atopar en número dende unha ata catro.
- Valados interiores. Servían para dividir barrios dentro do castro.
- Foxos. Acostuman ocupar o espazo entre dúas murallas consecutivas.
- Portas de acceso. Entradas ó recinto amurallado estratéxicamente dispostas para dificultar o ataque de posibles agresións externas.
- Parapetos. Teñen unha morfoloxía idéntica ás murallas, con lonxitude e altura menor.
- Socalcos. Desniveis naturais ou artificiais con fines defensivos.
- Antecastros. Recintos amurallados adosados ó castro.

O hábitat castrexo na súa forma máis común consistía en pequenas vivendas de pedra de pranta circular ou oval sen divisións internas (cá chegada dos románs tornábase a rectangular) acochadas cun teito que se cre fora de pólas, palla, barro, materia vexetal.

Unha parte importante da catalogación é a recollida de folklore, que en forma de lendas, subsiste aínda hoxe en día en torno ós castros e na xente que vive preto deles. Así, temos a case xeral lenda de que os castros "os fixeron os mouros", término que non engloba ningún pobo nin raza determinada. Tamén temos alusións a "moros", "celtas", "románs" e mesmo "negros". Lendas xeralizadas son as referidas a túneis, covas, galiñas de ouro e outras máis, recolléndose mesmo a presenza dun dragón.

A cotío, a toma de folklore vale para poñer de manifesto os achados que apareceron no xacemento, tales como fornos, pedras de muiños, pedras traballadas, anacos de cerámica, etc. En xeral, queda un pouso a nivel popular de que nos castros houbo xente, hai xa tanto tempo que ninguén o acorda; agás nalgún caso illado, onde un paisano asegurounos que as murallas formaban parte natural do monte.

É alarmante ver con que rapidez estase perdendo toda esta cultura popular. A cotío se dí que só a xente moi vella sabe distas cousas, pero que xa morreron todos. A cabalo entre unha cultura anterga e outra onde se imponen os medios de telecomunicacións, para a xente do campo istas lendas son cousa ridícula e sen senso, que nin sequera vale a pena lembrar. É de prever, polo tanto, que nunhas poucas décadas desapareza toda fonte de tradición popular.

Agardamos, en suma, que o presente traballo nos axude a coñecer mellor a nosa fermosa terra de Ferrol e, en definitiva a ser conscientes do noso ancestral pasado, das nosas raíces, da fonte da nosa cultura.

E dende aquí facemos un chamamento a tódalas autoridades e ó pobo en xeral para preservar unha herdanza que non debe perderse.

Metodoloxía.- Os traballos de catalogación leváronse a término nos anos 86-87. A catalogación fíxose visitando todos e cada un dos castros, recollendo en fichas de campo tódolos datos posibles.

As fontes para a localización dos xacementos foron as seguintes:

- Topónimos localizados sobre mapas cartográficos 1/25.000 e 1/50.000







- Fotografías aéreas.
- Traballos anteriores.

En cada castro foron medidos dous eixes perpendiculares na croa (espacio habitado), alturas e larguezas de murallas, foxos, etc.

Non se pode pretender que as medidas, tomadas ca cinta métrica, sexan precisas ata o metro. Isto é debido sobre todo á vexetación que nalgúns casos (fraga de toxos e silvas) dificultou extraordinariamente o traballo.


As citas do folklore que aparecen cadansúa ficha foron tomadas literalmente das persoas entrevistadas.

Simboloxía.- Explicase a continuación o significado da simboloxía empregada nos debuxos das prantas dos castros:


MURALLA	
SOCALCO	
FOXO	
ENTRADA	
MURALLA DESAPARECIDA	
APARELLO ORIXINAL	

E non podemos rematar sen esquencer o noso agradecemento á CAIXA GALICIA polo seu patrocinio, axuda indispensable á hora da publicación deste traballo.


SITUACION DA BISBARRA DE FERROL



CONCELLOS DE FERROLTERRA. ZONA CATALOGADA



CONCELLO DE FERROL



- 1-Os Castros (Handiá)
- 2-Castro de Sta. Icíá
- 3-A Croa (San Pedro de Leixa)
- 4-Castro de Vilela
- 5-Castro de Vilasanche
- 6-Castelo dos Mouros (Gafos)
- 7-A Croa de Fontá
- 8-Castro de Lobadiz
- 9-Castro de Tralocastro
- 10-Castro de Papoi

CASTRO de LOBADIZ

1-LOCALIZACION

CONCELLO. - Ferrol

PARROQUIA. - S.Xurxo da Mariña.

LUGAR. - Lobadiz

COORDENADAS. - 43°30'27" LAT.N.

ALTITUDE. - 35 mts
4°38'30" LONX.O.

FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO

Collendo a estrada local 3-15 dende Ferrol ata S.Xurxo, na localidade de Vila de Area, un pouco antes de chegar á praia de S.Xurxo, teremos que coller á esquerda unha bifurcación sita na mesma curva. Dito camiño tamén leva á praia de Doniños. O xacemento queda ubicado nunha península, lindada ó Norte pola ensenada de Lobadiz, cara ás illas Gabeiras. Chégase á península collendo o camiño á dereita na primeira bifurcación, que vai paralela ó piñeiral de Outeiro. A uns dous quilómetros emprázase o castro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...180 mts.

L-O...130 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	86 mts.	10 mts.	8,3 mts.	3 mts.
MURALLA-2	42 mts.	21 mts.	10 mts.	3 mts.
MURALLA-3	90 mts.	15 mts.	9 mts.	1 mts.
FOXO		8,5 mts.		
PARAPETO	24 mts.	5 mts.	1,80 mts.	
ENTRADA		15,5 mts.		

4-DESCRICIÓN.

As defensas do castro, sitas no seu lado Leste (no istmo), consisten en dúas liñas de muralla cun foxo no medio, e diante delas os restos do que suponse foi un parapeto. O outro lado da entrada, atópase outra liña de muralla. Diante do que foi súa entrada orixinal emprazábase un torreón na actualidade desaparecido pola laboura de alisamento que levaron a cabo para a posterior contrucción dunhas casetas. O estado de conservación do castro, en xeral, é de abondo precario, así como o estado das excavacións levadas a cabo hai anos; excavacións que puxeron de manifesto prantas de vivendas cunha forma rectangular, cos séus ángulos redondeados.

Agás do seu lado Leste, onde se atopan as súas defensas artificiais (murallas, foxo...) o conxunto castrexo vese rodeado e defendido polos cantís da propia península.

O castro é de propiedade comunal. Nun tempo, o castro foi roturado e o seu chan adicado ó cultivo.


A miúdo atópanse anacos de cerámica.

5-FOLKLORE.


Un veciño de Vila de Area de 67 anos, comentounos:

"...Eran os mouros os que vivían no castro, e é moi antigo, cando o desembarco.. Fai moito, o castro tiña un puente que o unía coas illas, e era unha ponte de goma.. O castro é terra morería porque escarbando encóntranse ladrillos e lousas; onde tamén é terra morería é en Doniños, porque está toda-la terra cercada.. Cando eu era novo, traballando co meu pai no Outeiro, apareceran muifios de man...".

CASTRO DE LOBADIZ



- a: Parapeto
- b: 1ª Muralla
- c: 2ª "
- d: 3ª "
- e: Entrada
- f: Foxo



A CROA de FONTA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol
PARROQUIA. - S.Román de Doniños.
LUGAR. - Fontá

43°29'7" LAT.N.
COORDENADAS. -
4°37'18" LONX.O.
ALTITUDE. -120 mts
FOLLA CATASTRAL. -Nº 21

2-EMPRAZAMENTO

Collendo a estrada local Ferrol- S.Xurxo, No alto de Balón atopámonos un cruce, no que teremos que coller pola estrada da esquerda encamiñándonos a Fontá. Unha vez alí, coller un camiño veciñal asfaltado que nos leva ata o mesmo castro. Este está emprazado na ladeira do monte, moi preto da súa cume. Dende alí pódese ver a praia e a lagoa de Doniños.

3-MEDIDAS.

EJES: N-S...68 mts.
L-O...65 mts.

DEFENSAS	LARGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	145 mts	14 mts.	4 mts.	8 mts.
MURALLA-2	130 mts	10 mts.	2,5 mts	2 mts.
FOXO		5 mts.		

4-DESCRIPCIÓN.

O xacemento consta de dous lenzos de murallas concéntricas. Esta disposición das liñas defensivas xustifícase pola natureza do terreo: pola parte Sur do castro ten continuidade a montaña, mentras que pola parte Norleste encóntrase cunha forte inclinación. Deixando aparte a muralla exterior, o castro ten forma circular, sendo as súas medidas totais 118 mts. de N-S e 121 mts. de L-O. Pódese ollar nalgúns dos seus tramos das murallas un aparello poligonal. Case poderíamos falar dun antecastro de cativas dimensións no espazo existente entre a primeira e a segunda muralla. É un pouco arriscado falar da entrada orixinal do recinto, xa que a muralla encóntrase interrumpida nalgúns partes do seu perímetro (aberturas modernas), nembargantes, podemos ter a certeza co primitivo acceso situábase no lado Leste da primeira muralla, e isto ben apoiado polo indicio dun posible torreón, das que ás súas caras Leste e Sur miden 7 mts., e describen un ángulo de 90°.



En liñas xerais, o seu estado de conservación é bo, estando o seu chan poboado de eucaliptos e carballos. O terreo onde está emprazado o castro é de propiedade privada. Preto da casa do dono da terra encóntrase un fondo de vivenda castrexa de pranta circular.

5-FOLKLORE.

O propietario do terreo, veciño e natural do lugar comentounos: "...Aparecieron varios molinos (1) que estaban en las murallas como otras piedras mas.. los antiguos habitantes creo que comían las raíces de las silbaldas, ademas esto ya me lo había dicho mi suegro, que tenía 85 años.. tenían un camino muy estrecho entre dos murallas, que comunicaba el castro con el lago, y allí iban a por el agua y pescaban.. ellos plantaban loureiros para protegerse del frio, de la lluvia y del viento.. según mi suegro, él recordaba que en un montón de piedras que hay entre las murallas había un horno muy bien hecho, circular y de un tamaño que cogería dentro una pata bien a gusto...".

(1) O dono conserva 3 muíños de pedra e un cacharro de barro atopado polo seu sogro no ano 27.

CROA DE FONTA



Ateneo Ferrolán
Collegio de estudos para a cultura
Fundado en 1876
Rua Magdalena 20
www.ateneoferrolan.org

O CASTELO dos MOUROS < > GAFOS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol

PARROQUIA. - S. Román de Doniños.

LUGAR. - Vilabuide.

43°29'37" LAT. N.

COORDENADAS. -

4°35'28" LONG. O.

ALTITUDE. - 187 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol pola estrada á praia de S. Xurxo, chegar ata o lugar coñecido como "alto de Balón". Mesmo antes do cruce que divide a dirección ata S. Xurxo e ata Fontá, coller un camiño ascendente á esquerda que leva dereito ó castro. O xacemento ocupa a cume dun monte entre os lugares de Pereiro e Vilabuide.

3-MEDIDAS.

EJES: NO-SL...100 mts.

NL-SO...60-49 mts.

DEFENSAS	LARGO.	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	276 mts.	*	*	1,30 mts
MURALLA-2	276 mts.	*	2,50-4,50 m	1-2,10 m
FOXO		3,30-4,40 m		

(*)-Tendo en conta a degradación do terreo resultóunos "imposible" facer istas medicións.

4-DESCRIPCIÓN.

O perímetro total do castro é de 276 mts. As súas defensas constan de dúas liñas de muralla separadas por un foxo, que cercan case a totalidade do xacemento menos polo seu lado Surl este. Tamén, nesta cara, e para defende-los puntos máis débiles, había unha defensa duns 35 mts. de lonxitude de muralla (hoxe desaparecida). Nalgúns tramos da muralla exterior, pódese confundir cá ladeira do monte.

No interior, véñse pequenas divisións que supoñemos orixinais, cabendo a hipótese de que algunhas delas formen parte de vivendas castrexas, dato que poderíase clarexar unha vez limpo o chan de vexetación.

O terreo é de propiedade privada. O seu estado de conservación é regular.

Non podemos sinalar con exactitude a ubicación da súa entrada orixinal, debido ás transformacións erosivas e artificiais do propio chan, como ó enguedelleamento de piñeiros, eucaliptos e silveiras existentes na zona.

O regato chamado "Regueiro" que, desemboca na lagoa de Doniños, ten a súa fonte a uns 75 mts. do recinto.


5-FOLKLORE.

Unha muller de 65 anos de idade, veciña e natural do lugar, falóunos así do castelo:



"...Chámanlle o castelo dos moros...foi do tempo de cuando os moros estaban en España...En algún tempo penso que habería un castillo, eu non o acordo, pero xa os meus pais e meus avós falaban do castillo este...Tamén se coñece como a coviña, e tamén como o castelo dos Gafos (1)...".

(1) Gafos :dícese das persoas sarnosas, leprosas ou porcas.

CASTELO DOS MOUROS/ CASA DOS GAFOS



Ateneo Ferrolal
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolal.org



CASTRO de PAPOI

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol

COORDENADAS. -

43°32'22" LAT. N.

PARROQUIA. - S. Pedro de Marmancón.

ALTITUDE. - 120 mts

4°33'38" LONG. O.

LUGAR. - Papoi.

FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO

Colle-la estrada local Ferrol-Cobas. No quilómetro oito, haberá que tomar unha desviación á dereita (Mandiá-S. Mateo), por unha pista ata chegar ó lugar de Papoi, a 1.500 mts. do desvío xa citado. O castro emprázase na ladeira dun monte, a 30 mts. da pista, onde se construíron, na súa beira, dúas casas ben visibles dende a mesma.

3-MEDIDAS.

EJES: N-S...85,50 mts.

L-O...75 mts.

DEFENSAS	LARGO.	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	40 mts.	20 mts.	4 mts.	7,80 mts
MURALLA-2	48 mts.	7 mts.	3,50 mts.	3,50 mts
FOXO		4,60 mts.		
ENTRADA		6,50 mts.		

4-DESCRIPCIÓN.

O xacemento presenta unha disposición de Norte-Sur composta pola ladeira do monte, foxo, muralla (1ª), croa, muralla (2ª) e terraplén. A segunda muralla abraza case na súa totalidade o recinto, sendo ben visible pola cara leste, na que se atopa unha especie de canle con forma de funil (ollar folla de debuxos) sito na mesma muralla; canle que baixa verticalmente ó longo da muralla, tendo ista un aparello poligonal.

Creemos cá entrada orixinal do castro, emprazábase no seu lado norleste; tódalas entradas que hai na actualidade son modernas.



A conservación do xacemento é boa e é propiedade privada. Case toda súa superficie está ou roturada ou cultivada, sen esquencernos de algunhas prantacións de árbores (eucaliptos) existentes.

5-FOLKLORE.

O dono do terreo, duns 60 anos, dixo:

"...Dicían que aquí había un furado, un pouco dicían que eran dos moros, outros dixeron que aí, nesta casa de abaixo, que entraba un furado por aí, e aínda non hai moito morreu unha señora e a nai dela lle entrou un porco polo furado que había aí por debaixo e que nunca mais volveu a aparecer... Non poideron saber onde estaba o furado... O que aparece é barro e unha pena que apareceu debaixo do monte cando se desmontou o monte ca pala... O que aparece e que chama atención é un muro que está pola parte de alá, un muro moi ben feitizo, con unhas pedras moi ben feitas... No castro vivían os celtas, pero cando viñeron os moros votaron fora ós celtas, e os moros se quedaron a vivir no castro, pero eso sabe Díos como foi... As murallas que decides vos chámanse aquí guindeiras...".

CASTRO DE PAPOI



CASTRO de TRALOCASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol
PARROQUIA. - S.Xoán de Esmelle.
LUGAR. - Tralocastro.

43°31'55" LAT.N.
COORDENADAS. -
4°34'45" LONX.O.
ALTITUDE. - 123 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Collendo a estrada Ferrol-Cobas ata o quilómetro 7,700, tomaremos a desviación á esquerda (estrada de S.Xoán de Esmelle). Dende alí e recorridos 500 mts., volveremos novamente a coller pola esquerda unha pista que vai ata ó pé do castro.

3-MEDIDAS.

EJES: N-S...72 mts.
L-O...79,50 mts.

DEFENSAS

- MURALLA-1 → Concéntrica
- MURALLA-2 → Concéntrica
- MURALLA-3 → Concéntrica
- FOXO-1 → Cara Norleste



4-DESCRIPCION.

O sistema de defensa do castro ven dado polo seu emprazamento: cume, ladeira e caída do monte, sendo os seus socalcos moi pronunciados tanto polo seu lado Sur como polo seu lado Leste, xa que pola cara Norte e Oeste, os socalcos son máis benévolos. Poderíamos dicir co castro é de cume.

A abundante vexetación esconde as defensas do castro, polo que resulta case imposible facer calquera tipo de medición. Consta de tres liñas concéntricas de murallas e un foxo situado no seu lado Norleste.

De feito, non podemos sinalar o lugar exacto onde orixinalmente emprazábase a súa entrada, aínda que tódolos datos indican que podería hallarse no seu lado Leste-Norleste.

Referíndonos novamente á moita vexetación existente (piñeiros, eucaliptos, toxos e silvas), temos que dicir que é o principal atranco á hora de efectuar o noso traballo de medición.

Os terreos son de propiedade privada.



5-FOLKLORE

Paisano de 60 anos: "...Foi obra dos moros, tódolos castros foron dos moros que vivieron aquí fai siglos... Apareceron unhas pedras chantadas aló en baixo e dicían que as poñían para acordarse onde tiñan enterradas as monedas de ouro, e as monedas as tiñan en baules...".

Home de 50 anos: "...En tempo da guerra estiveron los moros... Aparecieron unas piedras labradas.. Hai como si fora un forno e hai unha parede como cerrado de terra ..Hubo xente cavando para encontrar algunha figura, e era xente de Madrid...".

Vecíño de 65 anos: "...Cando eu era pequeno con mi abuelo cavando no castro, encontramos un cacharro de barro y mi abuelo rompéuno, e me dixo que era dos moros.. Neus bisabuelos habían encontrado neste lugar unha cadena de ouro, e tamén había un túnel que dende a praia viña a dar ó castro...".

CASTRO DE TRALOCASTRO



A CROA de LEIXA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol
PARROQUIA. - S. Pedro de Leixa.
LUGAR. - Sta. Uxía

COORDENADAS. - 43°31'18" LAT.N.
4°31'11" LONG.O.
ALTITUDE. -55 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que ir pola estrada Ferrol-Valdoviño, por Neirás. O chegar ó límite có Concello de Narón, colleráse unha estrada asfaltada á dereita que leva ó Sanatorio Siquiátrico de San Pedro de Leixa, e a 100 mts. antes de chegar a este, e á esquerda, emprázase o castro, ben visible dende a estrada, que dista dela uns 200 mts.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...80 mts.
L-O...128 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	#	10 mts.	6 mts.	1 mts.
MURALLA-2	#	8 mts.	1 mts.	2 mts.
MURALLA-3	#	6 mts.	1 mts.	0,50 m.
FOXO		4,50 mts		

(*)- Murallas perimetrales. olán

Fundado en 1879

Rúa Mandiá, nº 23, Ferrol

www.azemora.com

4-DESCRIPCIÓN.

O presente castro é un castro de chaira no que non se aprecian entradas orixinais, aínda que as súas entradas de hoxe son modernas, poideran estar ubicadas no seu emprazamento primitivo (na cara sur do xacemento).

Pola banda sur pasa a traída xeral da auga que abastece Ferrol.

Cremos que posú un antecastro no seu lado Oeste, cunha altura de muralla de 1,50 mts.; as súas medidas son: N-S...60 mts. e L-O...35 mts.

A distancia entre a muralla segunda e terceira é de 45 mts.

A propiedade do terreo é privada e a súa conservación é boa.

O seu entorno está formado por árbores coma piñeiros, carballos e vexetación de monte baixo como toxos, silvas, etc.


Ten ademáis recursos naturais preto, coma un regato e un manantial.

5-FOLKLORE.

Un home de 60 anos veciño do lugar, vivindo alí trinta e cinco anos, díxonos:


"...Antes de face-la carretera había un camiño que lle chamaban o camiño dos castros, e o coto cerrado chámase a croa, e no centro dela ten un cotiño de pedra... Foi dos mouros, e tódolos sitios que lle chaman castros foron dos mouros... Ademáis aquí cerca hai unha fonte moi boa, e os mouros sempre buscaban sitios cerca das fontes..."

A CROA (S. PEDRO DE LEIXA)



- a: 1ª Muralla
- b: 2ª "
- c: 3ª "
- d: Antecastro

Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para seguirnos
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org



OS CASTROS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol
PARROQUIA. - Sta. Uxía de Nándia.
LUGAR. - A Fraga

COORDENADAS. - 43°30'48" LAT. N.
4°32'40" LONX. O.
ALTITUDE. - 76 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO .

Collendo pola estrada local Ferrol-Cobas chegar ata o quilómetro 2,800, onde haberá que seguir por unha desviación á dereita (estrada local de Menáncara a Mandiá). Os 800 mts. da devandita encrucillada, cóllese tamén á dereita unha pista (a carón dun transformador) que conduce, tras atravesalo regato, ó pé do xacemento.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...88 mts.
L-O...105 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
TRAMO-1º	100 mts.	15 mts.	10,50 m	8 mts.
TRAMO-2º	27 mts.	10 mts.	4 mts.	15 mts.
TRAMO-3º	31 mts.	15 mts.	7 mts.	7 mts.
TRAMO-4º	82 mts.	14 mts.	8 mts.	5 mts.
TRAMO-5º	40 mts.	10 mts.	6 mts.	4 mts.
FOXO-1º		6 mts.		
FOXO-2º		9,50 m		
ENTRADA		3,60 m.		

4-DESCRIPCIÓN.

O castro ten forma ovalada, non conservando na súa totalidade as liñas de muralla (chamadas no cadro tramos) co rodeaban perimetralmente, aínda que pódense ver lenzos de muro nalgúns tramos (ver pranta e medidas deles). Presenta un antecastro moi ben definido que corre paralelo á croa pola cara oeste, e son as súas dimensións: N-S..15 mts e L-O..30 mts.

Cremos ca primitiva entrada do antecastro sitúase cara ó suroeste e cara ó sur a da croa. Pola coidadosa distribución dos tramos de muralla nº 2,3 e 4, coidamos que os espazos entrelas poideran valer orixinariamente para a garda do gando.

En xeral o seu estado de conservación é bo, e a propiedade do terreo é privada. Na actualidade, a terra que ocupa o xacemento está adicada a cultivos, aínda que ten piñeiral, eucaliptos e algún carballo pequeno.

5-FOLKLORE.



Unha veciña do lugar dixo:

"...Foi dos moros...Decían que as pedras eran las balas de los moros, pedras de pizarra e quen sabe o que haberá enterrado aí dentro..."

Un home de 71 anos natural de Rabascosas, testemuñou:

"...Víase que estaba feito pola man do home...Dicen que neste castro había unha tribu e no de Vilela outra e que se defendían uns dos outros...E dise que foi dos mouros, do tempo dos mouros..."

OS CASTROS (MANDIA)



CASTRO de VILASANCHE

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol
PARROQUIA. - S.Salvador de Serantes
LUGAR. - Vilasanche

COORDENADAS. - 43°30'00" LAT.N.
4°34'50" LONG.O.
ALTITUDE. - 115 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO .

Seguindo a estrada local Ferrol-Cobas, chegar ata Serantellos. Unha vez ali, colle-lo ramal á esquerda (estrada ata Vilasanche) que parte da mesma praza de Serantellos. A 1.800 mts. atópase outra encrucillada, mesmo no lugar de Vilasanche. O castro sitúase nun coto, moi preto da aldea.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...30 mts.
L-O...30 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	159 mts.	13 mts.	2,50 mts.	1 mts.
MURALLA-2	100 mts.	30 mts.	14 mts.	6 mts.
ENTRADA		9 mts.		

4-DESCRIPCIÓN.

É un dos castros máis imponentes de Ferrolterra. E isto ven dado porque o seu conxunto, sen ser nada orixinal, presenta unha croa totalmente circular defendida por unha liña de muralla duns 30 mts. de alto e cunha encosta considerable. Máis aló, pola cara oeste, ten outra segunda muralla que o protexe, sendo a distancia entre as dúas liñas de 13 mts. Polo lado Leste ten un antecastro de forma ovalada, sendo as súas dimensións: N-S...50 mts. e L-O...120 mts.

A entrada orixinal ó recinto podería atoparse polo seu lado Sur, coincidindo deste xeito, ca entrada máis utilizada na actualidade.

En conxunto a súa conservación é boa e o terreo é privado.

Hai testemuños que aseguran que no interior da croa podíanse ver hai anos fondos de vivendas castrexas, hoxe imposible de ollar pola gran abundancia de piñeiral, eucaliptos, toxos e silveiras que cubren na súa totalidade a croa. Ó pé do castro transcorre un pequeno regato.

5-FOLKLORE.


Un pastor de 64 anos, veciño do lugar, comentou:

"...Ahi antiguamente estuvieron los moros, no coto alto; estuvieron dentro del agujero del coto, y antes aparecía mucha piedra labrada, de las casas de ellos, y muchas tejas... Las tejas eran pequeñas... El coto dos Pucheiros es en la zona de arriba y abajo se llama los castros, toda la zona, todo lo que rodea al coto... Siendo yo pequeño, aún veíamos las piedras que tenían hechas en los muros... me acuerdo aún que en el coto había un fondo y ahí estuvieron los moros, no coto dos Pucheiros...".

Unha vella de 83 anos dixo:


"...Aí viviron os mouros, porque meu pai contóuno unha vez na casa cando eu era aínda pequena... Eran os mouros e mouras quenes vivían ali no coto...".

CASTRO DE VILASANCHE



a : 1ª Muralla
b : 2ª " "
c : Antecastro

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO de VILELA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol

PARROQUIA. -Sta. Uxía de Mandiá.

LUGAR. -Vilela

43°31'25"LAT.N.
COORDENADAS. -

4°33'08"LONG.O.
ALTITUDE. -125 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 6

2-EMPRAZAMENTO .

Dende Ferrol pola estrada cara a Cobas, chegar ata a encrucillada ca carretera que vai a Mandiá, estrada que haberá que coller. O castro emprázase á man esquerda a 1.800 mts. do cruce anteriormente dito; a vivenda do actual propietario, casa co número 67, come parte do xacemento. É un castro típico de ladeira.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...70 mts.

L-O...63 mts.

4-DESCRIPCIÓN.



Debido o seu estado de consevación, totalmente alterado, resulta imposible facer ningunha medición, aínda que se atendemos á foto aérea, podemos facela (ver eixes), e tamén dicir que a súa forma é en conxunto oval. Soamente apréciase do recinto un lenzo pequeno de muralla e un foxo.

A vivenda do actual propietario do terreo adéntrase neste, polo que é fácil adiviñar o grao de destrucción do castro.

Sinalemos que polo seu lado norleste contaba cun antecastro,

A zona ten unha maraña de eucaliptos, piñeiral, silvas e toxos.

Preto do castro corre un regato.

5-FOLKLORE.

O dono do terreo, de 55 anos de idade, dixo:



"...Aquí vivieron los moros y los celtas, hay quien dice que vivieron los moros, y otros dicen que fueron los celtas... Al hacer la casa apareció un enlosado de piedra y debajo arena, también aparecieron trozos de teja... Hay como unas trincheras..."

Un home, veciño do lugar, comentounos:

"...Los moros se veían con los del castro de enfrente (1) y se tiraban piedras entre ellos..."

(1).- Os castros, Sta. Uxía de Mandiá.

CASTRO DE VILELA



CASTRO de Sta. ICIA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ferrol

PARROQUIA. - Sta. Icí de Trasancos.

LUGAR. - O Castro

43°30'35" LAT. N.

COORDENADAS. -

4°30'50" LONG. O.

ALTITUDE. - 30 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Tomarase a estrada de Ferrol pola carretera de Castilla. No lugar chamado "La Ferrolana" (aínda dentro do casco urbano) se collerá un ramal á esquerda, estrada de Sta. Icí. A 1.400 mts. desta encrucillada, hai un desvío á dereita que haberá que seguir, atopándose a 100 mts. o xacemento, ou o que nun día foi un castro.

3-MEDIDAS.

Por estares desaparecido é imposible facer calquera tipo de medición.



4-DESCRIPCIÓN.

Na actualidade non se atopa ningún resto do que foi antigamente un castro. Polos datos que nos chegaron sabemos que as súas antigas murallas tiñan unha altura considerable, duns 10 mts. por término medio.

Polo que se pode apreciar na foto aérea, tratábase dun fermoso recinto, dunha única muralla que o circunvalaba, flanqueado tamén por unha fermosa entrada que, polo que se pode adiviñar, estaba organizada a base quizáis dun antecastro (isto no suposto que se tratara doutra muralla exterior que pechara o conxunto) aínda que nos inclinamos máis a pensar na primeira teoría.

Era un castro típico de chaira. O terreo que ocupaba o castro é na actualidade privado. O seu entorno presenta edificacións e está cultivado e habitado.

Hai un regato preto do primitivo asentamento castrexo.


5-FOLKLORE.

Un veciño do lugar, de 70 anos de idade e natural de alí comentounos:

"...Non hai nada, había pedras redondas, pero agora non hai nada, está todo allanado... Todo esto era dos moros... Dican que había una capilla dentro, cuando lo allanaron, pero xa non hai nada... Todo esto era dos moros, cuando los romanos... Decían que había enterrada una capilla, aí nas arribadas, pero aí non hai nada... O que apareceron foron pedras, non moi grandes, destas pedras que lle chaman cromlechs e menhires (1), e desas sí que apareceron moitas..."

(1) Moi curiosa a referencia que o home nos fai desas pedras que chaman Cromlechs e Menhires (términos que seguramente escoitou nalgún lugar, típicos monumentos megalíticos, pero que non teñen nada que ver con esas pedras pequenas que segundo él apareceron).


CASTRO DE STA. ICIA



Centro Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.valencioferrolan.org



CONCELLO DE NARON



CASTRO de QUINTA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. - Sta.ª a Maior do Val
LUGAR. - Quintá

COORDENADAS. - 43°33'10" LAT. N.
4°31'30" LONG. O.
ALTITUDE. - 90 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

I ndo pola estrada Ferrol-Valdoviño, por Catabois, chegar ata Sta. Margarita. Máis adiante, ós 800 mts. de ista localidade, tomaráse unha estrada asfaltada á esquerda, en dirección a Quintá. O castro emprázase no mesmo lugar de Quintá preto das casas, a uns 300 mts. da anterior encrucillada.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...71 mts.
L-O...77 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
1	153 mts	3 mts.	9 mts.	
ENTRADA		2,50 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

Na actualidade, o xacemento preséntase moi alterado. Se supón co castro contaba cunha única muralla que o rodeaba perimétralmente, aínda que hoxe ésta está destruída pola cara sur gracias o labor de alisamiento do terreo para a construción das vivendas e pola estrada veciñal que tronzou parte das súas defensas. Unicamente podemos reseñar o tramo de muralla existente polo seu lado leste e norte, tramo de potente muralla que antigamente rodeaba o perímetro do xacemento.

Cremos ca súa entrada orixinal situábase na cara Norleste.

É un castro típico de chaira, e a súa propiedade é privada.

No interior, o que antes foi a súa croa, o terreo está adicado a cultivos e tamén roturado.



Hai anos, atopouse unha machado de metal (ver páxinas de debuxos) duns 14 cm. de longo, exposta na actualidade nunha vitrina do Ateneo Ferrolán.

5-FOLKLORE.

Faron moitos os entrevistados, pero pouco puidemos obter neste apartado; soamente unha vella de 86 anos dixo:

"...A mín nunca me contaron nada, pero eu sei que alguén dixera que aquilo fora dos mouros... Encóntranse moitas pedras no castro... Cerca de aquí hai outros dous sitios que lle chaman tamén castro..."

CASTRO DE QUINTA



CASTRO da CRUZ do CASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. --S.Mateo de Trasancos
LUGAR. -A Cruz do Castro

COORDENADAS. - 43°32'38"LAT.N.
4°32'08"LONG.O.
ALTITUDE. -135 mts
FOLLA CATASTRAL. -Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Colle-la estrada comarcal Ferrol-Valdoviño por Meirás.Á altura de San Mateo,quilómetro 6,tomarásese unha pista asfaltada á esquerda e a 1.500 mts. á dereita emprázase o castro,uns 150 mts. da pista.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...52 mts.
L-O...60 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA	Perimetral	6 mts	2-4 mts	0,50-1 mt

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.aicnferrolan.org

4-DESCRIPCIÓN.

O castro sitúase nun outeiríño,cunha muralla que o rodea perimetralmente sendo a súa única defensa;muralla que na actualidade só pódese apreciar no seu lado oeste,mentras que no resto do seu perímetro hai socalco.

A propiedade dos terreos é privada e a conservación do xacemento é regular.

Preto del nace un pequeno regato a carón do campo de balompé.

Ten piñeiros,eucaliptos,toxos e silvas que fan moi difícil a súa medición e apreciación con claridade.

5-FOLKLORE.




Unha muller de 73 anos nada no lugar dixo:

"...Alá arriba hai un río de mouros e se dí que polo medio do monte pasa agua e que vai a salir a Meirás ou ó Porto...".

A dona dos terreos que ocupa o castro,unha muller de 65 anos,contou:

"...Níña nai de sempre dixo que foi un castro,e está na finca que lle chaman A Chaira da Cobela...Desde o castro facían a guerra cós do Val...".

CASTRO DA CRUZ DO CASTRO



CASTRO de SEQUEIRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S. Xulián de Narón
PARROQUIA. - S. Xulián de Narón.
LUGAR. - Sequeiro

COORDENADAS. - 43°32'5" LAT. N.
4°28'50" LONX. O.
ALTITUDE. - 50 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Tomando a estrada Ferrol-Cedeira, por Castro, no quilómetro 3,500 colleráse outra estrada á dereita que conduce ata Xubia. A 1.000 mts. da anterior encrucillada, no lugar de Sequeiro, emprázase o castro á dereita.

3-MEDIDAS.

EXES: N-S...140 mts.
L-O...118 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11	200 mts.	16 mts.	6 mts.	6,50 mts

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrol.org

4-DESCRIPCIÓN.

O sistema defensivo deste castro estaba composto por unha única muralla que o rodeaba perimetricamente. Sinalar que a medición da muralla fíxose seguindo o seu perímetro pola súa cara interna, debido ó precario estado de conservación no que atopamos a súa cara externa.

Podemos supor que a entrada de acceso ó recinto estaba no seu lado norte.

Na croa predomina o cultivo e a pradeira, mentres que na zona da muralla hai árbores e toxo.


A propiedade do terreo é privada e a súa conservación é regular.

5-FOLKLORE.


Entrevistamos unha muller natural de Sequeiro con 60 anos de idade, e nos dixo:

"...Antes eran cotos todos ahí, pero agora o labraron, antes o coto ese grande (refírese ó resto da muralla que aínda hoxe consérvase) continuaba por todo, pero fórono labrando e o tiraron... Cando eu era pequena dicían que alí mais adiante andaba o raposo, que tía casetas alá polos montes... A xente maior dicía que o castro fora dos moros...".

CASTRO DE SEQUEIRO




Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol



CASTRO da REVOLTA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón

PARROQUIA. - S. Esteban de Sedes.

LUGAR. - A Revolta

COORDENADAS. - 43°32'15" LAT. N.

4°28'5" LONG. O.

ALTITUDE. - 122 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que tomar a estrada Ferrol-Xubia, pola carretera de Castilla, ata a gasoleira de Xubia. Uns poucos metros máis alá da gasoleira, colleráse a estrada á esquerda que leva a Castro, e no lugar chamado Pena Parda, seguiráse por un desvío á dereita, en dirección á Revolta. O castro atópase a poucos metros á dereita da beira da estrada, unha vez chegado o lugar de Vicas.

3-MEDIDAS.

RIXES: N-S...59 mts.

L-O...50 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	184 mts.		2.50 mts.	
PARAPETO	15 mts.			
ENTRADA		2 mts.		

4-DESCRIPCIÓN.



O castro ten unha forma redonda, e polo seu lado Norte-Norleste posúe un antecastro que vai en dirección Leste-Oeste; antecastro que seguindo a súa liña de muralla ten unha lonxitude de 56 mts. por unha anchura de 19,50 mts. entre a muralla do antecastro propiamente dito ata a propia muralla do recinto castrexo. É neste lado norte onde se atopa a entrada do castro.

Deixando nun lado a arboreda que no seu interior aparece, a croa do recinto está chea de silveira, toxos e felgos, que fai moi difícil a medición e a apreciación concisa.

O tipo de propiedade é privada e a súa conservación é boa. Hai un río preto do xacemento e o entorno vexetal complétase coa presenza de piñeiro e eucaliptos.



5-FOLKLORE.

Un home de 55 anos, que naceu e reside na Revolta, falóunos:

"...O castro o fixeron os moros, e din que antigamente, fai moitos anos, víñeron dous negros con unha mula o unha burra, non sei, e se levaron de aí un arca...".


Unha veciña de 65 anos contóunos encol do castro unha lenda moi curiosa: "...Era unha fonte que quen bebía dela quedaba encando. Un día foi unha señora a beber á fonte e o marido quedouna esperando, pero cando vltou da fonte non era ela, era outra, polos menos non lle parecía a súa muller... O dono tiña unha horta e un hortelán, e tódolos días víña unha paloma preguntarlle polo seu dono e polo seu fillo, e dicía sempre a paloma: - Pobrecita de su madre que anda por el campo sola. Un día o dono díxolle ó hortelán que collera a paloma e topou cun alfiler que tiña clavado na cabeza, quitouullo, e a paloma convertiuse na súa muller...".

CASTRO DA REVOLTA



Ateneo Ferrolán
Espazo de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

a : Parapeto
b : Antecastro



CASTRO de SEDES

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. - S. Estebo de Sedes.
LUGAR. - Eiravedra

COORDENADAS. - 43°33'00" LAT. N.
4°26'40" LONG. O.
ALTITUDE. - 218 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Pola Carretera de Castilla, dende Ferrol, chegar ata Xubia. Unha vez alí haberá que tomar a estrada do Trece, ata a encrucillada cá estrada Castro-Pedroso. Unha vez na gallada e collendo á dereita (cara a Pedroso) a 900 mts. da devandita gallada atópase un desvío á esquerda que se tomará e seguirá durante uns 1.500 mts., indo a rematar ó pé dunhas casas. O castro atópase no cume do monte.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...92 mts.
L-O...90 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	290 mts	2 mts	7.50 mts	1-4 mts
ANTECASTRO-1	99 mts	35 mts		
ANTECASTRO-2	70 mts	28 mts		
ENTRADA		2.50 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

Trátase dun castro de cume. Posúe dous antecastros. Pola zona Norte do castro, máis alá da súa muralla, pódese ollar un pronunciado socalco, así coma polo seu sector Oeste. Hai unha posible entrada á croa no seu lado Norleste, entrada que ben podería ser de acceso ó segundo antecastro. Cremos que a entrada ó recinto sitúase no seu lado Surlleste, porta que está rodeada por dous torreóns, cadansúo lado.

Non moi lonxe, no Suroeste, semella que houbo outro segundo recinto, non xa pola súa forma, rematando no seu lado sur cun xogo de muralla-foxo-parapeto, senón tamén, por anacos de cerámica que aparecen polo chan. A nosa opinión é que podería tratarse dunha "croa ou asentamento secundario", posiblemente outra zona de hábitat humano, aínda que determinar este punto con exactitude non podería facerse agás que se levaran adiante as correspondentes excavacións. Tamén poderíase supoñer que se trataba dun terceiro antecastro, que xunto cós outros dous, formarían un sistema de croa rodeada por antecastros.




A propiedade do terreo é privada, e a súa conservación non é mala. Está preto dun río e rodeado de piñeiral, eucaliptos e carballos.

5-FOLKLORE.

Falamos cunha muller de 50 anos veciña de Eiravedra, que entre outras cousas díxonos:

"...Chámanlle a este lugar O Castro, e tamén A Croa... Tódolos vellos que naceron aquí xa morreron pero eu oín deles que decían que neste sitio viviron os mouros... Non hai moito tempo encontráronse aquí ladrillos e tellas, no alto do castro... Houbo unha cruz de madeira no alto da croa, pero ardeu co monte, e soamente queda ó pé, un furado na pedra que facía de pé da cruz..."

CASTRO DE SEDES



CASTRO de VICAS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. - S.Xulián de Narón
LUGAR. - Vicás

COORDENADAS. - 43°32'04" LAT.N.
4°28'15" LONX.O.
ALTITUDE. - 105 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol pola Carretera de Castilla chegar ata Xubia. Unha vez alí toma-la estrada do Trece. A 1900 mts., no lugar de Vila de Prados, coller outra estrada á esquerda cara Vicás. A 600 mts. hai unha encrucillada onde se tomará o ramal da dereita e a 300 mts. emprázase o castro nun outeiríño a man esquerda.

3-MEDIDAS.

ELIXES: N-S...100 mts.
L-O...80 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	Perimetral	2,50 mts	0,50-5 mts	0,50-1,50m

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org


4-DESCRIPCIÓN.

Este xacemento a pesares de atoparse nun pequeno outeiro, é de chaira. O sistema defensivo que se conserva consta dunha única muralla que o rodea perimetralmente, aínda que nalgúns tramos ésta case se confunde co terreo. Na súa cara Sur-Leste hai unha entrada que é moderna. Ten piñeiros, eucaliptos, carballos e outros, silvas e toxos. Preto del hai un manantial. A propiedade do terreo é privada. Do Castro da Revolta a iste hai uns 300 mts.


5-FOLKLORE.

O dono dos terreos do castro, de 64 anos, dixo:
"...Quando lo aré hace tiempo, encontré un cacharro de barro, un trozo grande; también un trozo de metal como de cobre del tamaño de un puñal... Antes se podían ver en el fondo de la tierra como departamentos o habitaciones...".
Un veciño de 65 anos comentou:
"...Os castros foron todos feitos polos mouros e os celtas...".

CASTRO DE VICAS



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rua Alameda, 203-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO da ERMIDA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón

PARROQUIA. - S.Salvador de Pedroso

LUGAR. - A Ermida

COORDENADAS. - 43°32'00" LAT.N.
4°24'55" LONX.O.

ALTITUDE. - 55 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol, pola Carretera de Castilla, chegar ata Xubia. Unha vez alí colleremo-la estrada do trece ata a gallada ca estrada Castro-S.Sadurniño. Virar á dereita en dirección Pedroso. Neste lugar tomaráse unha desviación á dereita que leva ó campo de deportes, lugar onde se emprazaba o castro.

3-MEDIDAS.

ELXES: NO-SL...150 mts.

NL-SO...93 mts.

(Estas medidas foron tomadas segundo a fotografía aérea).

4-DESCRICIÓN.

Na actualidade, o estado de conservación é desastroso. Non queda case ningún vestixio del, só o seu antecastro, despois da labor de achamento do terreo para a construción dunhas pistas deportivas. Dizer tamén, que o antecastro, emprazado no seu lado norte, está desfigurado en parte.

Tratábase dun castro de chaira. É posible, tras ollar a fotografía aérea, que a entrada do recinto estivera na súa cara Sur. Segundo nos dixeron algúns veciños, o seu foxo tiña unha anchura de 7 a 8 mts. e as dúas murallas con que contaba o castro, ían de 1,50 a 2 mts. de alto nalgún punto e de 4,50 a 9 mts. noutros.

O castro tiña forma rectangular, con dúas murallas defensivas e un foxo entre elas, sen esquerzo o antecastro xa citado. Preto do lugar corre o río Xubia.

Os terreos son de propiedade privada e parroquial.

5-FOLKLORE.

Unha muller veciña deste lugar respostou:


"...Donde llamaban el castro era un llano y todo alrededor un coto...Decían que había un tesoro, pero labraron ahí y nunca vieron nada de eso..Habrá seis o siete años que lo aplanaron todo...Fue cosa de moros..."

Un home de 60 anos: "...De esos cacharros de barro, como pucheiros, aparecieron; e apareceu tamén un pé dun muíño pequeno, tiña pouco diámetro e era unha cousa rara...Por onde vai a pista dicían que había un calexón con auga para que non entraran bicharracos, era unha fortaleza, e todo o alrededor había esa especie de calexón...Había un baúl de azufre e outro de ouro, pero eu sei de dous que vivían pola noite a cavar no coto xa fai moitos anos e nunca atoparon nada de nada...Aparecieron tamén monedas de cuero, o dixo un home que vivía alí naquela casa cando estaba él facendo un forno, e estaban creo que moi ben feitizas, e eran pequenas como os pesos de hoxe...O coto foi dos mouros.

Unha veciña de 53 anos:

"...Hay un agujero detrás del coto donde se escondían los moros en tiempo de guerra..."

CASTRO DA ERMIDA



- a : 1ª Muralla
- b : 2ª " "
- c : Antecastro

Ateneo Polán
Un lugar, una cultura
Fundado en 1879
www.ateneopolan.org



CASTRO do COUTO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón

PARROQUIA. - S. Martiño do Couto.

LUGAR. - O Castro

COORDENADAS. - 43°30'5" LAT. N.

4°29'30" LON. O.

ALTITUDE. - 62 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Saindo do Ferrol pola Carretera de Castilla, chegar ata o Alto do Castaño, collendo á dereita a estrada da Faisca. Haberá que chegar ata o Mosteiro de San Martiño do Couto. Unha vez alí tomaráse unha pista asfaltada á esquerda e a 400 mts. nun outeiro emprázase o castro.

3-MEDIDAS.

FIXES: N-S...85 mts.

L-O...107 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	182 mts	14 mts	6 mts	5 mts
MURALLA-2	100 mts	8 mts	1 mts	2,50 mts
MURALLA-3	100 mts	8,50 mts	1,50 mts	1,50 mts
FOXO-1		4,50 mts		
FOXO-2		4,50 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

Podemos recoñecer tres liñas de muralla que corren en dirección *NL-SL* con dous foxos entre elas. Supoñemos que orixinalmente o recinto castrexo tivera este sistema defensivo ó longo do seu perímetro.

Na actualidade o estado de conservación do xacemento non se pode dicir que sexa moi aceptable, debido ás labores do agro e ás construcións de vivendas que levaron adiante por un dos seus lados.

O terreo onde se atopa o castro é propiedade privada e preto del hai un río e praia.

O seu entorno vexetal está composto por piñeiros, eucaliptos e carballos, ademais cultivado e roturado.

5-FOLKLORE.


Preguntámoslle un home de 50 anos, veciño e nado no lugar:

"...A esa terra la llaman el castro, en otros tiempos había eso de los moros... Todo por aquí adelante se la llama Las Picotas, pero esta es la zona del castro... Decían que podía haber algo, pero no hay nada... Esto fué de los moros o de los romanos, porque en aquellos tiempos cerraban así por lo que fuese, porque incluso podrían haber hecho viviendas ahí dentro, pero ahora está todo arrasado..."

Outro veciño duns 60 anos díxonos:

"...Hace mucho tiempo creo que aparecieron piedras labradas... Vifiera xente de Ferrol e de Madrid a ver esto... Din tamén que o monasterio fora dos mouros e esto, o castro fora dos mouros... No monasterio había pasadizos que chegaban hasta o mar, eso din, pero eu non sei..."


CASTRO DO COUTO



- a: 1ª Muralla
- b: 2ª "
- c: 3ª "
- d: 1ª Foso
- e: 2ª "



Ateneo Erriolan
Un lugar de ensaio para a cultura
Fundado en 1879
Rua Alameda nº 202, 201, 1º esq.
www.ateneoerriolan.org



CASTRO de Sta. Ma de Castro

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. - Sta. Maria de Castro
LUGAR. - Fernande

COORDENADAS. - 43°32'42" LAT.N.
4°29'27" LONG.O.
ALTITUDE. - 90 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Tomarase a estrada Ferrol-Cedeira por Castro. Cando cheguemos ó quilómetro 4,500, en Sta. Maria de Castro, localiza-la igrexa (á man esquerda da estrada) ben visible dende a mesma.

O xacemento localizábase detrás mesmo do cimiterio, onde hoxe hai unha casa.

3-DESCRIPCIÓN.



Moi pouco podemos dicir en relación ó castro. Na actualidade non existen vestixios del, tampouco ningún tramo da súa muralla ou defensas.

O xacemento está nun terreo de propiedade particular.

O terreo preséntase roturado e cultivado e xunto del hai un regato.


Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.diccionario.gal

4-FOLKLORE.

Unha muller de 65 anos de idade natural de Fernande dixo:

"...Tíñan unhas muras altísimas...Antiguamente se levaban as cosechas a bendecir alí...Era dos mouros e hai un en cada parroquia, hai outro en Sequeiro e outro en Narón...Onde tamén foi dos mouros é nas minas de Pena Ferreira...".

CASTRO DE STA MARIA DO CASTRO




Ateneo Ferrolán
Centro de investigación e publicacións
Fundado en 1879
Rua de Galicia 202-204, Ferrol
36201 Ferrol (A Coruña) - Galicia
www.ateneoferrolan.org

MONTE do CASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Narón
PARROQUIA. - Sta. María a Maior do Val.
LUGAR. - Vilasuso

COORDENADAS. - 43°34'00" LAT.N.
4°31'50" LONX.O.
ALTITUDE. - 125 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol a Valdoviño por Neirás, ó chegar ó desvío (á esquerda) que conduce ó mosteiro do Sacro Corazón de Baltar, tomaráse éste. Antes do mosteiro, coller outro desvío á esquerda, por unha pista asfaltada, e a 200 mts. coller outra á dereita ata chegar ó lugar de Vilasuso. O castro emprázase nun outeiro rodeado das casas do lugar.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...50 mts.
L-O...58 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1 Perimetral	10 mts	2,50 mts	20 cmt	
MURALLA-2 Perimetral	11 mts	5 mts	1,50 mts	
FOXO	16,50 mts			

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro de cumo, rodeado por dúas murallas que o circumvalan perimetralmente. Polo seu lado Sur, a primeira muralla está pouco definida. Tamén por este lado e entre as dúas murallas hai unha plataforma, e máis alá da muralla un socalco.

Tódalas entradas que hoxe podemos apreciar son modernas.

O castro atópase emprazado nunha propiedade privada e a súa conservación é boa.

Hai un regato preto del e vexetación de piñeiros, eucaliptos e silvas.

5-FOLKLORE.

Unha muller de Vilasuso que tiña uns 50 anos dixo:


"...Aquí hai a Pena da Moleja (1) e dicían que salía dela un encantamento, que salía como unha galiña cos pitos de ouro..."

Un home de 56 anos contou:

"...Antiguamente parece que o fixeron os moros e que eles xuntaron toda a terra e as pedras, pero non sei si eles viviron ou non aquí, pero facer o fixeron... Dicían que había unha gran culebra con alas e conchas cerca da Pena da Moleja, e a culebra era moi grande... No coto de arriba, no monte, pasa un río subterráneo por él e ten moitísima auga..."

(1).-A chamada Pena da Moleja dista uns 200 mts do castro en dirección NE, cunha forma moi peculiar.

MONTE DO CASTRO (O VAL)




Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

a : 1ª Muralla
b : 2ª "



CONCELLO DE FENE



Aterro Ferrolán
La luz, el encuentro y el castro
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 212-201, Ferrol
www.aterroferrolan.org

- 1-Castro de Prismos
- 2-Castro de Cardoeiro
- 3-Castro de Magalofes
- 4-Castro de Orra
- 5-Castro de Río Castro

CASTRO de PRISMOS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Fene

PARROQUIA. - Sta. Eulalia de Limodre.

LUGAR. - Prismos

43°26'42" LAT. N.

COORDENADAS. -

4°29'43" LONX. O.

ALTITUDE. - 175 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Colleráse a estrada Fene-Castelo da Palma. Dende a gallada de Fene e a 3,9 quilómetros del teremos que coller un desvío á esquerda (estrada cara a Limodre e Cabanas). A 2 quilómetros e 300 metros da última gallada, colleráse un desvío, tamén á esquerda, que nos conduce mesmo á aldea de Prismos. O castro atópase preto das casas, existindo un camiño de terra que nos leva cara él.

3-MEDIDAS.

EXES: N-S...154 mts.

L-O...63 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	Perimetrall	3 mts	7 mts	1,70 mts
MURALLA-2	*	*	*	*
ENTRADA		7 mts		

(*).- Dimensións inapreciables.

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro de cume. A distancia entre a muralla 1ª e a 2ª polo seu lado Oeste é de 24 mts. coma termino medio. A muralla 2ª debido a súa pouca altura sobre do terreo, é practicamente inapreciable, por elo non valía a pena recoñecer as súas dimensións. Polo seu lado leste, o castro está definido por un socalco natural do terreo, que vése tronzado por un camiño que se abre case ó pé da muralla 2ª. Podemos considerar a primitiva entrada ó recinto castrexo polo seu lado sur.

Estando situado nunha propiedade privada a súa conservación é regular e o seu entorno natural componse de árboreda de piñeiros, eucaliptos e carballos xunto con moita silva.


Ten un río preto del.

5-FOLKLORE.


Falamos cos donos do terreo onde aséntase o castro, veciños e nados alí, matrimonio de idade entre os 60 e 70 anos, comentáronnos:

"...Fálase que esto foi dos celtas, aunque tamén dos moros... O que había xa o levaron e agora non hai nada... Decían que antes houbera outro, pero xa non queda nada..."

CASTRO DE PRISMOS



a: 1ª Muralla
b: 2ª "
c: Entrada



CASTRO de CARDOEIRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Fene

PARROQUIA. -S. Estebo de Perlío.

LUGAR. -As Pías

43°28'30"LAT.N.

COORDENADAS. -

4°29'02"LONG.O.

ALTITUDE. -30 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Saindo de Ferrol pola estrada nacional VI, chegar ata a igrexa de San Estebo de Perlío, moi preto da empresa ASTANO. Onde está na actualidade a igrexa así como o Fogar do Xubilado e toda aquela zona é o lugar onde se atopaba o xacemento.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...140 mts.

L-O...152 mts.

(Eixes tomados segundo foto aérea).

4-DESCRIPCIÓN.

Na actualidade este castro está totalmente desaparecido polos desmontes de terras que a empresa ASTANO fixo hai algúns anos. Polo que puidemos averiguar, o xacemento emprazábase entre a igrexa e dita empresa.

A única proba existente referente á forma e dimensións é a foto aérea (ver pranta). Polo que se pode deducir tras ollala, é que o castro contaba cun sistema defensivo dunha única muralla, cunhas alturas que ían dende os 3 ós 7 metros.

Se nos poñemos no campo da hipótese, poderíamos dicir que na antigüidade trataríase dun castro costeiro, xa que pola súa proximidade á beiramar, fainos pensar nesta teoría.

A propiedade do castro é privada e o seu estado de conservación é deficiente; xa como dixemos na devandita descripción está case desaparecido.



O entorno está edificado e arborado de carballos e árbores froiteiras. Hai preto del un regato.

5-FOLKLORE.

Neste apartado a recollida de datos foi dificultosa. Soamente unha muller duns 60 anos, da que a súa vivenda sitúase nos terreos onde se emprazaba o castro, sinalóunos:

"...No recuerdo ninguna leyenda ni cuento, pero cuando se sacó la tierra de aquí, aparecieron muchos trozos de cerámica..."

CASTRO DE CARDOEIRO



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Municipal 207-209, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO de MAGALOFES

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Fene

PARROQUIA. -S.Xurxo de Magalofes

LUGAR. -Fontenova

43°27'04"LAT.N.

COORDENADAS. -

4°27'34"LONG.O.

ALTITUDE. -305 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol pola estrada nacional VI, chegar ata a encrucillada cá estrada que vai a S.Marcos (á esquerda), por onde haberá que ir. A 1.300 mts. da anterior encrucillada, no lugar de Magalofes, tomar unha estrada á dereita; a 900 mts., colleráse á esquerda unha pista e, a 1 km., emprázase o castro á man esquerda, ben visible dende dita pista.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...165 mts.

L-O...85 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	Perimetral	9,50-14 m	3-6 m	1,20-3 m

4-DESCRIPCIÓN.

Trátase dun castro de cume, cunha única muralla que o rodea perimetralmente. A muralla no seu lado Suroeste posúe un aparello de mampostería moi ben conservado.

Aínda que o xacemento teña entradas modernas, pódese dicir que a súa entrada orixinal está pola súa cara Sur.

A súa medición faise moi dificultosa obrigado o seu estado actual: piñeiros, eucaliptos, carballos, toxos, silvas... máis en xeral, a súa conservación é boa.

Preto del atópase un pequeno regato, e a propiedade do terreo é privada.

5-FOLKLORE.




Un veciño do lugar, de 60 anos, comentounos:

"...Dícían que viviran os moros, e antigamente había casas alí, pero iso eu non o acordo...".

Outro veciño de 53 anos dixo:

"...O castro foi dos celtas, e non como dín por aí que foron dos mouros...".

CASTRO DE MAGALOFES



CASTRO de ORRA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Fene

PARROQUIA. - Sta. María do Sillobro.

LUGAR. - Orra

COORDENADAS. - 43°28'15" LAT. N.

ALTITUDE. - 80 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol pola estrada nacional VI, chegar ata a encruceira onde se atopaba hai tempo o Axuntamento de Fene. Unha vez ali, colle-la estrada local de Fene a Lavandeira. Rebocada a pista que leva a Lavandeira, a 300 mts. aprox., tomar unha pista asfaltada á dereita que vai ata Orra. Hai que coller o segundo camiño á dereita que atopamos conforme imos, camiño que morre ó pé do castro.

3-MEDIDAS.

RIXES: N-S...60 mts.

L-O...75 mts.

(Rixes axustados segundo á fotografía aérea).



4-DESCRIPCIÓN.

Trátase dun castro de cháiira cunha forma rectangular. Na actualidade, o xacemento está moi desfeito, non só polos traballos agrícolas, senón tamén, porque no seu interior está a vivenda do propietario dos terreos que ocupan a totalidade do asentamento castrexo. Polo que podemos ver na fotografía aérea, o castro tiña unha única liña de muralla que o rodeaba perimétralmente menos polo seu lado leste, que estaba defendido por unha grande masa rocosa (hoxe desaparecida). Poucos vestixios quedan neste tempo do castro, salvo algún tramo do que foi a súa muralla. Por conseguinte, o seu estado de conservación é moi malo.

Deixando ó lado a vivenda que alterou o recinto, o terreo está arborado de carballos, frutais e outros, tamén cultivado.

Preto do lugar hai unha fonte e un pequeno regato.


O dono das terras, D. Magín Pico Fernández, fíxonos donación dunha pedra de muíño de man en perfecto estado de conservación, muíño que na actualidade atópase exposto nunha vitrina do Ateneo Ferrolán. Dende elqui dámoslle noso agradecemento máis sincero.

5-FOLKLORE.

Unha muller de 75 anos dixo:

"...Cando era pequena íbamos a xogar ali, o saltábamos e dicían que aí había hueco... Xunto á igrexa chamábanlle a fonte dos mouros, e ademais hai unha fonte debaixo dun túnel... Dín que aí enterraran un rei moro e dín que vai a resucitar... O castro dín que foi dos mouros negros..."

CASTRO DE ORRA



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

a: Masa rocosa



CASTRO de RIO CASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Fene
PARROQUIA. - Sta. Eulalia de Limodre
LUGAR. - Río Castro

COORDENADAS. - 43°25'28" LAT. N.
4°29'55" LONG. O.
ALTITUDE. - 15 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Saíndo de Ferrol pola estrada das Pías, chegar ata a encrucillada de Fene e colle-lo desvío cara Ares e Mugardos. En Maniños tomar unha estrada á esquerda cara Limodre e, unha vez alí, coller á dereita en dirección á praia de Almieiras.

3-MEDIDAS.

É moi difícil e arriscado facer calquera medición, obrigado polo estado de conservación no que se atopa o xacemento.

4-DESCRIPCIÓN.

Antigamente tratábase dun castro costeiro, ocupando unha pequena península sita entre as praias de Río Castro e Almieiras. Na actualidade, non fican vestixios do castro. No terreo onde se achaba o xacemento foron construídas unhas vivendas e unha taberna.


Os terreos onde estaba emprazado o antigo asentamento castrexo son de propiedade privada.

Mesmo na praia de Río Castro desemboca un regato.

5-FOLKLORE.

Neste apartado foi imposible a recollida de calquer tipo de lenda.


CASTRO DE RIO CASTRO



Ateneo Ferrolán
Unión de investigadores
Fundado en 1879

POSIBLE PRANTA DO CASTRO

CONCELLO DE ARES



- 1-Castro de Sta. Mariña
- 2-O Coto (Ares)
- 3-Castro de Punta Caamouco
- 4-Castro de Ares

O COTO (ARES)

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ares

PARROQUIA. - S. Pedro de Cervás

LUGAR. - Jaspallás

COORDENADAS. - 43°26'30" LAT. N.
4°35'10" LON. O.

ALTITUDE. - 101 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada local Fene-Castelo da Palma, cara Mugardos. Dende a mesma encrucillada de Fene, a 7 km., atopamos unha nova encrucillada de estradas, para colle-lo ramal cara Ares onde hai que chegar. Unha vez no pobo de Ares, toma-la estrada cara Chanteiro. Na localidade de Cervás, a 2.800 mts. de Ares, colleráse unha pista (á esquerda) que conduce o cimiterio parroquial de Cervás. O castro sitúase á esquerda do devandito cimiterio e a poucos metros del, no lugar coñecido como Jaspallás.

3-MEDIDAS.

ELIXES: N-S...60 mts.
L-O...70 mts.

4-DESCRIPCIÓN.

O castro está enclavado nunha zona chá da que sobresae o seu perfil redondeado, cuns sistemas defensivos moi sinxelos. Está formado por un recinto único ovalado protexido nalgúns puntos (zona sur e leste) por un socalco. Dito socalco posúe unha altura exterior de 5,40 mts. aprox. Pódese supoñer que antigamente o recinto estivera defendido por unha única muralla (hoxe totalmente desaparecida) seguida a continuación do devandito socalco.

Pola súa parte norte o castro está alterado, achanado. Tamén no seu lado norte, aparece unha pequena canteira onde extraíase pedra para a construción de casas dos arredores.

A propiedade do terreo é privada e a súa conservación é máis ben mala. As terras que ocupan o antigo asentamento castrexo están cultivadas. Preto del hai praia e manantial.

5-FOLKLORE.

Un home de 80 anos, natural e veciño de Cervás, parente de Dña. Esther (propietaria do castro) comentounos encol do coto:

"...Foron os moros algún día, que eran os que tiñan como fora unha batería... E dicen que foron os moros, pero eu non sei... E dicían aí que había o ouro dos bardos (1), pero eu non encontrei ningún... Hai cantería alí dentro y collían para as casas pedra dela, pero eu non recordo cando a colleron..."

A propietaria do castro, Dña. Esther, díxonos:


"...El castro fue de los moros, y allí está enterrada la corona de la Reina Mora..."

Unha veciña do lugar dixo:


"...Antes de que se fixera Cervás os mouros vivían no coto, e aí tiñan o poblado onde vivían todos eles, era o seu campamento..."

(1)- Bardo: Nome dado ós poetas e músicos dos antigos celtas.

0 COTO (ARES)



Atenco Ferrolán
Un lugar de desarrollo para la cultura
Fundado en 1879
C/El Encanto, 20 - 29112 Ferrol
www.atencoferrolan.org



CASTRO de ARES

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ares

PARROQUIA. - S.Xosé de Ares

LUGAR. - Ares

COORDENADAS. - 43°25'55" LAT.N.

4°32'50" LONX.O.

ALTITUDE. - 41 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada local Fene-Castelo da Palma, cara Mugardos. Dende a mesma encrucillada de Fene, a 7 km., atopamos outra encrucillada onde colleremos o ramal ata Ares. Antes de chegar ó pobo de Ares tomarase á esquerda unha estrada cara Redes e, uns 200 mts. despois á dereita, hai unha pista asfaltada que leva ó centro mesmo do castro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...80 mts.

L-O...90,20 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-II Perimetrall			4 mts	

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

4-DESCRIPCIÓN.

O xacemento atópase nun estado de conservación moi malo. Mesmo no centro do recinto hai unha pranta de depuración e uns depósitos de auga que abastece a vila de Ares. A súa cara Surleste está achanada (moi preto hai unha casa), sen esquerer a pista que chega ata o mesmo castro que arrasou parte da muralla pola súa cara Norte.

O castro emprázase nun pequeno outeiro, tendo unha forma máis ou menos cuadrangular.

Os terreos onde ubícase a depuradora son propiedade do Concello mentras que o resto é privado.

Hai preto del un pequeno regato e praias.



5-FOLKLORE.

Dúas veciñas do lugar, duns 60 anos, dixeron:


"...Había unha pena chamada A Pena do Trasno (1), abaixo no mar, na praia... Todo é o castro e chega hasta a caída do mar, desde o depósito da auga hasta abaixo, pero cousas de morería eu non o sei...".

(1)- Nas vellas crencias galegas, o trasno é un espírito da noite, tomando formas tanto de cabalo, de carneiro, de can e ata de neno abandonado; tamén como rachas de vento, raiolas de lúa, etc.

CASTRO DE ARES



Ateneo Ferrolán
Un lugar de unión y progreso cultural
Fundado en 1879
Rúa Alameda, 202 201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO de PUNTA CAAMOUCO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ares
PARROQUIA. - S. Vicente de Caamouco
LUGAR. - Punta Mourón

COORDENADAS. - 43°25'10" LAT. N.
4°31'40" LONX. O.
ALTITUDE. - 30 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que colle-la estrada local Ferrol-Castelo da Palma, cara Mugardos. Dende a mesma encrucillada de Fene, a 7 quilómetros, atopamos outra gallada, tomando o ramal cara Ares. Toma-la estrada Ares-Redes (encrucillada pouco antes de chegar ó pobo de Ares) á esquerda e uns 2.600 mts. da devandita gallada, coller unha desviación asfaltada á dereita e despois de 500 mts. encamiñarnos por unha pista á esquerda que leva ata o castro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...80 mts.
L-O...72 mts.)))

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	85 mts		1,50 mts	
FOXO		13 mts		*

Fundado en 1879

(*)- Este foxo ten unha altura de 6 mts.

4-DESCRIPCION.

O xacemento emprázase nun itmo dunha península costeira. Cara o seu lado Sur (cara ó mar), hai unha pequena illa tanxente ó recinto castrexo, de doado acceso cando a baixamar.

O máis destacable do xacemento é o seu foxo; foxo de considerables dimensións tanto en anchura coma en altura, sendo o primeiro que nos atopamos ó entrar no castro. Neste foxo hai prantados eucaliptos (os únicos dos arredores).

En liñas xerais o castro ten forma cuadrangular; a súa conservación é boa e a propiedade é privada.



Moi preto del hai unha praia e o terreo da croa aparece roturado.

5-FOLKLORE.

Unha muller de 65 anos comentounos:

"...Hai como un túnel, que tamén cando está a mar baixa, tamén se pasa para a isla... En tódolos sitios está O Mourón, así que algo tuvo que haber... Esta zona estaba preparada para a guerra, e a igrexa mesma da parroquia de Caamouco, foi feita para si había unha invasión de eso, que servira para cuartel, porque é grandísima... En donde lle chaman O Castillo había un castillo na praia do Raso, e casualmente aínda se quitou pedra dos castillos e tróuxose para aquí...".

CASTRO DE PUNTA CAAMOUCO



CASTRO de Sta. MARIÑA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Ares

PARROQUIA. -S.Pedro de Cervás

LUGAR. -Sta.Mariña

COORDENADAS. - 43°26'08"LAT.N.
4°35'27"LONG.O.

ALTITUDE. -30 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 21


2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que colle-la estrada local Fene-Castelo da Palma,cara Mugardos.Dende a mesma gallada de Fene,a 7 km.,atopamos unha nova encrucillada de estradas para colle-lo ramal cara Ares,onde nos diriximos.Unha vez no pobo de Ares,colle-la estrada cara Chanteiro.Na localidade de Cervás,a 2.800 mts. do pobo de Ares,se collerá unha pista (á esquerda) que leva ó cimiterio de Cervás.O castro sitúase nunha pequena península costeira,a 1 km. máis ou menos do cimiterio devandito,cara á costa,collendo un camiño que parte do cimiterio parroquial en liña recta,ó fin do que se atopa o xacemento.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...65 mts.

L-O...45 mts.



DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11	80 mts	6,30 mts	13 mts	3,50 mts
FOXO	80 mts	8 mts		2,5-3,5 m
ENTRADA		2,50 mts		

Un lugar de encontro para a cultura.
Fundado en 1879

4-DESCRIPCION.

O castro é costeiro.Nel instaláronse unhas baterías militares para a defensa da ría de Ares,hoxe abandonadas,por iso aparece desfigurado.O socalco da muralla ten un ángulo de caída de 60° aprox. A porta de acceso ubícase no seu lado Sur.Preto do castro,uns 30 mts. cara Leste e case en pleno cantil hai unha galería de 150 mts. de longo e 1,50 de alto,excavada na rocha,galería intimamente ligada ó folklore do castro.Esta galería debe referirse a lenda medieval que recolle Carre Aldao cando dí: "Hállanse las Bocas de Sangre,cuevas de las que cuentan los vecinos que todas las noches,más o menos intensos,salen de estas bocas,que se encuentran medio ocultas entre las zarzas y matorrales...unos extraños ruidos y el que los escuchá o siente no tarda en morir.Vulgarmente se conocen por Covas de Sta.Mariña".

O terreo onde se asenta é do Estado e a súa conservación é regular.Preto del existen manantial e praia.

5-FOLKLORE.

Un home de 80 anos,natural e veciño de Cervás comentóunos: "...Alí hai unhas pedras,paredes de pedra,que non podo dicir si eran do ejército ou si é dos moros,eu sei que alí había como si fora unha batería.Cando era pequeno xa estaba así tan desfeito...O castro,o castro chamámoslle a unha casa que está aí abaixo,pero en Sta.Mariña,é Sta.Mariña...Alí unha igrexa non houbo,foi unha batería,pero cañóns me parece que non había...Hai unha cova que lle chaman a Cova dos Moros,unha cova que entra por alí,por Sta.Mariña hasta cerca de Mugardos e fixérona os moros...".

Unha señora, a propietaria do castro de o Coto, parente do home devandito, Dña. Esther, díxonos:

"...Vinieron los moros...Y había escaleras labradas en la piedra que bajaban al mar...Hubo una iglesia y casetas hace muchos años...Referente a la cueva que está al lado, le llaman la Cueva dos Moros e iba a salir a Sta. Lucía en Nebá..."

Outra muller de 45 anos, veciña do lugar, contóunos:

"...Vivían os mouros...No lugar houbo unha igrexa...Hai unha cova, a Cova dos Mouros, que dicen que iba a salir a Pedreira, pero non sei...Unha vez con miña filla metéramonos uns 200 mts., pero tivemos que salir porque non se respiraba ben..."



Ateneo Ferrolán



Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879


Rúa Magdalena 202, 1º, Ferrol

www.ateneoferrolan.com

CASTRO DE STA MARIÑA



CONCELLO DE MUGARDOS



Ateneo Ferrolán
Lugar de encontro para xente
Fundado en 1879
C/ Mugardos 20 25011 Ferrol
891 91 01 01 ferrolan.org

CASTRO de S. VICTORIO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Mugardos
PARROQUIA. - Santiago de Franza
LUGAR. - S. Victorio

COORDENADAS. - 43°26'50" LAT. N.
4°32'10" LONG. O.
ALTITUDE. - 60 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Tomando a estrada Perlío-Castelo da Palma, haberá que achegarnos á gallada que vai cara Ares (que non haberá que coller). Irase por un ramal asfaltado á dereita, preto da anterior gallada de Ares, no lugar chamado Chousas de Morteirado, cara S. Victorio. O castro ubícase a poucos metros da estrada, preto das casas.

3-MEDIDAS.

EXES: N-S...109 mts.
L-O...124 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11 Perimetrall		3 mts	13,40 mts	

4-DESCRIPCION.

Antiguo castro de S. Victorio
Lugar de encontro para o castro.
Fundado en 1879

Se iste foi realmente un recinto castrexo, hoxe está totalmente desfeito.

Só se conserva un resto de muralla do recinto, aínda que o que destaca do castro é a súa prominente canteira, que ocupa tódala banda Leste e Surleste.

Ningún veciño do lugar fai referencia a un castro. O que é indudable é o resto de muralla que aparece, que ocupa boa parte do lugar.

Debido as labours de construción de casas e ás agrícolas, e xa non digamos á canteira, o posible castro está totalmente desaparecido.

Non afirmamos de certo que o castro de S. Victorio fora tal, e sin negalo, nos optamos pola hipótese de que si existiu un castro naquel lugar, que de xeito ven confirmado pola lectura da foto aérea.


A propiedade do terreo é privada e a conservación é moi mala.

O entorno componse de silveiras, unha canteira e áchase o terreo roturado, cultivado e arborado. Preto del hai un regato.

5-FOLKLORE.

Sinalar que tódolos veciños encuestados non nos deron referencia algunha encol do castro, aínda que dúas mulleres contáronnos: "...En tiempos pasados, de mouros algo de eso hubo; decían que en la playa, en un coto que hay, había cavernas... Aquí lo que apareció fue el Santo y hay una capilla ahí abajo... Algunos moros los debió haber en algún tiempo pasado, sobre todo en Noville, en la playa, porque hay a la orilla unos cotos altos, como si hicieran cuevas...".

CASTRO DE SAN VICTORIO



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Madrid 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CASTRO das ESCADAS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Nugar dos

PARROQUIA. - Santiago de Franza

LUGAR. - O Seixo

COORDENADAS. - 43°27'30" LAT.N.

4°31'20" LONX.O.

ALTITUDE. - 20 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Dirixirnos pola estrada local de Perliño ó Castelo da Palma. En Maniños (quilómetro 4) cóllese unha desviación cara o Seixo. A 700 mts. tomaráse un camiño á dereita que leva ata o castro, a uns 200 mts.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...109 mts.

L-O...124 mts.



DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	85 mts	14 mts	2 mts	6,50 mts
MURALLA-2	40 mts	5 mts	2,50 mts	6 mts

Un lugar de encontro por acólamo
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 21-201, Ferrol
www.unestradalocal.com

4-DESCRICIÓN.

O castro asentase nunha zona case chá. Á súa croa engadense dous antecastros semielípticos rodeados por un socalco.

O seu sistema defensivo consiste en socalcos de considerable altura, os cales son de terra con grandes cantidades de pedra pizarrosa de pequeno tamaño. O socalco ten unha caída de 5 mts., así coma o seu ancho.

A propiedade do terreo é privada e a conservación do recinto é boa.



Atopámonos cun castro de tipo costeiro. Ten preto del praia e o terreo circundante está roturado e cultivado.

5-FOLKLORE.

Un home de 70 anos do lugar dixo:

"...De moros nada, si se lee na historia de Galicia se encuentra uno que donde había castros, había piratas; tódolos castros tiñan piratas..."

CASTRO DAS ESCADAS



CASTRO de MEHA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Mugardos

PARROQUIA. -S.Vicente de Mehá

LUGAR. -Caldoval

COORDENADAS. - 43°27'40"LAT.N.

ALTITUDE. -15 mts 4°33'30"LONG.O.

FOLLA CATASTRAL. -Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol chegar ata Fene.Unha vez ali,colle-la estrada Fene-Castelo da Palma.No quilómetro 10,200,no lugar de San Vicente de Mehá,tomar un camiño á dereita que vai cara á costa.O xacemento emprázase na beiramar a uns 200 mts. da estrada.Dicir que dende o devandito camiño que leva ó castro ata o centro do pobo de Mugardos hai 700 mts.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...70 mts.
L-O...60 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA	Perimetral	10 mts	4 mts	1 mts

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.aicencoferrolan.org

4-DESCRIPCIÓN.

Trátase dun castro costeiro cunha forma semicircular.A súa conservación é mala non só porque parte da súa muralla que o rodeaba perimetralmente está desfeita nalgúns tramos, senón tamén, porque os terreos que o rodean adicanse a cultivos, o que puido propiciar a destrucción das súas defensas.

Posúe pola cara sur unha entrada que é moderna.

A propiedade dos terreos é privada e está cuberto de toxos e silvas, tamén algún eucalipto e piñeiro. Preto del corre un regato.




5-FOLKLORE.

Un veciño de 60 anos contounos:

"...Aquí abaixo hai unha cova que lle chaman a Cova dos Moros, que dín que ten saída pola parte de Cervás, pero eso eu non o vin... Al lado da cova hai uns muros (1) que cerran e fan como unha lareira..."

(1)- Fixemos a correspondente comprobación da existencia dos muros e, que de certo, existen mesmo nos cantís. Cabe a hipótese de que estes muros formaran parte dalgún tipo de construción de época romana ou medieval, aínda que pode tratarse dun posible xacemento altomedieval. Pero sen un estudio profundo ou excavacións, todo queda na mera hipótese.

CASTRO DE MEHA



CASTRO de MUGARDOS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Mugardos
PARROQUIA. - S.Xulián de Mugardos
LUGAR. - Camiño de Pedrosos

COORDENADAS. - 43°27'26" LAT.N.
4°34'30" LONX.O.
ALTITUDE. - 63 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 21

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Perlío colle-la estrada cara Mugardos.Unha vez chegado a esta vila,ir pola Rúa do Cristo,seguido pola estrada asfaltada cara a igrexa de San Xulián de Mugardos e o cimiterio.O castro emprázase a uns 150 mts. en dirección norte da devandita igrexa.

3-MEDIDAS.

ELXES: NO-SL...95 mts.
NL-SO...70 mts.

As medidas foron tomadas na posible croa do recinto.


Atenco Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura.
Fundado en 1879

4-DESCRIPCIÓN.

Na actualidade o seu estado de conservación é bastante malo.Non só pola acción roturadora do home e as labouras agrícolas, senon tamén, porque alí emprázanse uns depósitos de auga e un transformador.

Trátase dun castro de chaira e o seu sistema defensivo puidera consistir nunha liña perimetral de muralla, seguido por un socalco ben apreciable no seu lado suroeste.


Puidera ser orixinalmente unha segunda muralla (no seu lado norleste) pero tal e como está actualmente o castro non podemos afirma-lo.

A propiedade do terreo é privada, preto del hai un regato e praia. Como xa dixemos, o terreo está roturado e cultivado.

5-FOLKLORE.

Totalmente perdido. Case tódalas vivendas dos seus arredores son novas, polo que neste campo perdéuse calquera lenda.

CONCELLO DE NEDA



- 1-Castro de Ancos
- 2-Castro de Viladonelle

CASTRO de ANCOS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Neda
PARROQUIA. - Sta. N^a de Neda
LUGAR. - Monte de Ancos

COORDENADAS. - 43°31'04" LAT. N.
4°27'05" LONG. O.
ALTITUDE. - 262 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol pola Carretera de Castilla, chegar ata Xubia, onde se collerá a estrada cara Oviedo e chegar á Cruz do Pouso. Alí, tomar unha pista á esquerda que conduce ata o Monte de Ancos. O xacemento ubícase no cume Norte de Ancos, pasando unha pista que o toca na súa muralla primeira polo seu lado Leste e Oeste, e que tronza a muralla segunda.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...105 mts.
L-O...80 mts.



DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1 Perimetral	6 mts	1-1,50 mts	30 cmt	
MURALLA-2 Perimetral	3,50 mts	1 mts	50 cmt	
FOXO-1		9 mts		

Fundado en
Rua Megal, s/n 201501 - Ourense
www.atcastrodeola.com

4-DESCRIPCIÓN.

Aínda que se poden apreciar as súas defensas craramente, a pista as tronza polo seu lado Leste e Oeste. O tramo de foxo que aínda se conserva o temos no seu lado Sur e tódalas entradas son recentes.

O castro, típico de cume, áchase algo destruído polo achanamento levado a cabo cando se fixo a pista dun xeito nada atinado á hora de mirar polo noso patrimonio arqueolóxico.


A propiedade do terreo é privada. Preto del hai regato e manantial e vexetación con eucaliptos e toxos.

5-FOLKLORE.

Un veciño de 70 anos: "...Ancos ten tres lomas, e había un castro na loma que está máis ó norte, e entre esa loma e a do centro, hacia Noeche, hai unha fonte e na noite de S. Xoan, apartece unha galiña cos pitos de ouro... O monte de Ancos está cheo de auga, está hueco todo, e chegará o día en que o monte rebente e Neda quedará desfeita...".



Un home de 77 anos: "...Estuvieron os moros que fixeron primeiro a muralla que está ó lado da fábrica de textidos, e levóulles medio siglo facela, despois foron para o monte, e fundaron a cidade de Libunca, aunque se chama o Castelo dos Moros... Dende o castelo hacia a Cruz do Pouso, mesmo ó lado da pista, está a fonte da Aureana, onde dín que aparece unha galiña cos pitos de ouro na noite de S. Xoan...".

CASTRO DE ANCOS



a: 1ª Muralla
b: 2ª " "
c: Foso

Ateneo Ferrolán
Español de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO de VILADONELLE

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Neda
PARROQUIA. - S. Andrés de Viladonelle
LUGAR. - Castro

43°28'46" LAT. N.
COORDENADAS. -
4°25'40" LONX. O.
ALTITUDE. - 175 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 22

2-EMPRAZAMENTO.

Dende Ferrol chegar ata Xubia; unha vez alí, coller á dereita unha estrada cara Capela. No quilómetro 11, tomar tamén á dereita un ramal que leva a Viladonelle. Alí, seguir unha pista que pasa pola igrexa parroquial e a 400 mts. e á esquerda, emprázase o castro no cume dun pequeno coto.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...116 mts.
L-O...90 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INTI
MURALLA-1	Perimetral	4 mts	2 mts	

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

4-DESCRIPCIÓN.

Pódese apreciar unha soa muralla nalgunhas zonas, e parece que ésta, fose a súa única defensa.

O seu estado de conservación é malo de abondo e a propiedade privada.


Ten vexetación de piñeiros e eucaliptos. Preto del hai manantial e corre o río Beelle; dende o castro apréciase O Salto da Fervenza.

5-FOLKLORE.

Neste terreo perdéuse case por completo, só unha muller de 55 anos, veciña do lugar, relatounos:

"...Dín que no coto vivíran os moros, pero non sei máis nada do coto, como que desde alí vese moi ben a cascada da Fervenza..."

CONCELLO DE VALDOVIÑO



- 1-Castro da Fróuxeira
- 2-Castro de Aviño
- 3-Castro de Crecente
- 4-Castro de Poulo
- 5-Castro de Punta Taraza
- 6-Castro do Rodo
- 7-Castro de Casianes
- 8-Os Castros (Pantin)
- 9-Castro de Vidueiros
- 10-Castro de Lodeiro
- 11-Castro da Lagoa
- 12-Castro de Castrillón
- 13-Castro de Vilarrube

CASTRO da FROUXEIRA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño
PARROQUIA. - Sta. Eulalia de Valdoviño
LUGAR. - Os Castros (Praia da Frouxeira)

COORDENADAS. - 43°37'05" LAT. N.
4°28'30" LONX. O.
ALTITUDE. - 15 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Tomando a estrada de Ferrol a Cedeira e á altura da Porta do Sol en Valdoviño hai un ramal á esquerda que nos conduce ata a praia da Frouxeira.

O castro sitúase sobre un cantil dende o que se ten unha visión da costa limitada pola Punta Frouxeira que por enriba desta pódese ollar o castro de Taraza (Neirás). Emprázase á dereita xustamente da chamada "praia pequena", no cantil. Cara terra exténdese unha pequena chaira de monte baixo que despois vai subindo cara ós montes pretos. Os lugares máis próximos son Robaleiras, Atios e Bacorelle.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...85 mts.
L-O...56 mts.

Ateneo Ferrolán
Centro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	134 mts	8 mts	8 mts	2 mts
FOXO-1		5 mts		
FOXO-2		8 mts		
ENTRADA		6 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro típico de península, o mesmo tipo que o de Lobadiz, cunha única muralla en dirección Norte-Sur.


Posiblemente parte do recinto achábase desprendido e caído ó mar a causa da erosión. A porta de acceso podería atoparse no seu lado Sur-Surleste. Entre o foxo 1 e 2 hai unha distancia de 4 mts., distancia cuberta por unha especie de liña defensiva, pouco elevada.

A súa conservación é boa. Ten preto del un manantial así como praia e lagoa.

5-FOLKLORE.


Neste caso, a recollida de folklore resultounos difícil, xa que tódalas casas son de construción recente, de persoas alleas ó lugar tendo en conta que trátase dunha zona turística de novas edificacións.

CASTRO DA FROUXEIRA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

- a: 1ª Muralla
- b: 1ª Foxo
- c: 2ª "
- d: Entrada



CASTRO de CASTRILLON

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño
PARROQUIA. - Meirás
LUGAR. - O Castro

COORDENADAS. - 43°34'31" LAT.N.
4°30'31" LONG.O.
ALTITUDE. - 60 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Tomando a estrada comarcal Ferrol-Valdoviño, por Meirás, chegar ata o quilómetro 10,800. Xusto nunha curva pechada no lugar de Riobó, hai unha encrucillada de estradas, así como unha tasca chamada "Bar Cruce". Haberá que colle-la estrada (asfaltada) á dereita que conduce ó lugar coñecido como Barral-Riobó. O castro emprázase a uns 150 mts. da estrada comarcal, sendo ben visible a súa muralla dende a mesma.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...86 mts.
L-O...84 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11 Perimetral		5 mts	9-4 mts	
ENTRADA		3 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

Trátase dun castro moi sinxelo composto por unha muralla; a porta de acceso cremos que poderíase achar no seu lado Surleste.

A consevación do xacemento é regular e a propiedade do terreo é privada.

Non lonxe do recinto hai ríos e a vexetación que o rodea está composta por eucaliptos e ademais atópase o terreo roturado.

5-FOLKLORE.


Unha muller de 55 anos nada no lugar, díxonos:

"...O castro o fixeron os moros, eso é o que dín... Tamén hai un castro en Taraza... O castro o aplanaron cunha pala fai algún tempo, porque é dun home de Ferrol, dun señor que lle chaman Manso que é da Marina; antes o castro non era tan plano como agora, tiña altos..."


Outra veciña do lugar, duns 60 anos comentou:

"...En el castro andaban los moros, al menos decía eso mi abuela y mi bisabuela también, que había moros ahí..."

CASTRO DE CASTRILLON



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO da PRAIA do RODO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - Santiago de Pantín

LUGAR. - Coto Redondo

43°38'27" LAT.N.

COORDENADAS. -

4°25'28" LONX.O.

ALTITUDE. -30 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que toma-la estrada comarcal Ferrol-Valdoviño, por Meirás. O chegar á praia do Rodo ou de Pantín, coller unha pista que leva cara ela. O castro emprázase nun coto, xustamente á dereita da praia (mirando cara ó mar) sendo ben visible dende a mesma.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...55 mts.

L-O...54 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	66 mts	10 mts	6,50 mts	1,80 mts
FUXO		5 mts		
ENTRADA		5,50 mts		

Fund
Re-Maj
www

4-DESCRIPCIÓN.

Neste caso trátase dun castro costeiro cunha forma ovalada e que posiblemente tiña a súa entrada orixinal no seu lado Surleste-leste.

O estado actual do xacemento non é del todo bo. A propiedade do terreo é de tipo particular. Preto del temos un manantial e unha praia. O recinto está cheo e rodeado de silvas.

5-FOLKLORE.

Un home de 70 anos, veciño de Santiago de Pantín, relatoúnos:

"...Chámase o Coto Redondo e dicían que antigamente había unha especie de túnel desde a praia do Rodo hasta o Baleo, e por alí pasaba a auga do mar por baixo..."



Un pescador do lugar e propietario nunha parte do castro, díxonos:

"...Díse que foi dos moros... Onde hai unha garita feita é no coto de arriba..."

Unha señora de 50 ou 55 anos comentóunos:

"...Toda a miña vida escoitei que había un cabrito de ouro enterrado no coto, eso mo dixo meu sogro que tiña 86 anos cando morreu... Onde hai outros castros é encima da Igrexia de Pantín, onde as últimas casas..."

CASTRO DO RODO



CASTRO de PUNTA TARAZA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - Neirás

LUGAR. - Taraza

COORDENADAS. - 43°36'08" LAT.N.

4°30'39" LONG.O.

ALTITUDE. - 62 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 6

2-EMPRAZAMENTO.

Colle-la estrada Ferrol-Valdoviño por Catabois ata chegar a Neirás (quilómetro 12). Uns metros máis adiante da Cooperativa de Neirás e na curva tomarase unha estrada asfaltada cara á praia. No lugar chamado Taraza, toma-lo camiño de pedras á esquerda que leva ata o xacemento, pouco antes de chegar ó restaurante "A Roda".

3-MEDIDAS.

O estar o castro totalmente alterado resultóunos imposible facer calquera medición.

4-DESCRIPCIÓN.

Foi un castro marítimo, asentado nunha península. Falamos en pretérito porque aínda non puidemos apreciar algún vestixio do que poido ser a súa forma, xa que todo está desfeito. Sómente, e como único resto, podemos ollar un pequeno tramo de muralla polo seu lado Leste.

Dicir tamén que no seu interior acháanse uns furados excavados na rocha, restos do que foron, en tempos recentes, minas.

A vexetación que acoucha a superficie é de monte baixo.


5-FOLKLORE.

Debido a que a totalidade dos habitantes veciños desta zona son foráneos, os esforzos de recollida de datos foron inútiles.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

CASTRO DE PUNTA TARAZA



CASTRO de AVIÑO

1-LOCALIZACION.

CUNCELLO. - Valdoviño
PARROQUIA. - Sta. Eulalia de Valdoviño
LUGAR. - O Castro

COORDENADAS. - 43°35'13" LAT. N.
4°26'41" LONG. O.
ALTITUDE. - 170 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Saindo de Ferrol pola estrada cara Valdoviño, por Catabois, chegar ata o mesmo Valdoviño. Unha vez alí, colle-la estrada do Trece, á dereita. Seguindo por esta estrada, haberá que chegar ata Aviño. No cume do monte, coñecido por Monte do Foro, emprázase o castro.

3-MEDIDAS.

EXES: N-S...61 mts.
L-O...60 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1	95 mts	15 mts	11 mts	1 mts
MURALLA-2	165 mts	10 mts	2 mts	9,80 mts
FOXO		4,50 mts		
ENTRADA		7,50 mts		

undado en 1879

4-DESCRICIÓN.

O castro ten a súa entrada orixinal no seu lado sur, flanqueada por un torreón defensivo de tamaño moi considerable. Na actualidade, o xacemento castrexo áchase cuberto de maleza, toxos e silvas, aínda que o seu sistema defensivo é perfectamente apreciable e de gran fermosura.



A propiedade do terreo é comunal e a súa conservación é boa. O entorno compónse de piñeiros e eucaliptos. Preto del hai regatos, praia e lagoa.

5-FOLKLORE.

Un veciño do lugar, duns 60 anos, comentóunos:

"...Onde está aí lle chaman o castro, pero a este monte chámanlle o Foro, que é esta finca dun de Ferrol, de Cobelo...O castro foi dos mouros, eso din, pero non sei si foi dos mouros ou dos brancos...Fai anos atopei unhas pedras, unhas especies de columnas en unha finca miña de aí, eran columnas de pedra con capiteles, e me dixeron que eran dos románs, e un cura de aquí, Souto Vizoso, levóuno todo aquilo para Mondofedo..."

CASTRO DE AVIÑO



CASTRO de LODEIRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. -S.Bartolomeu

LUGAR. -O Castro

COORDENADAS. - 43°34'40"LAT.N.

4°29'20"LONG.O.

ALTITUDE. -62 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7


2-EMPRAZAMENTO.

Collerase a estrada Ferrol-Cedeira,por Castro.No quilómetro 8,500 aprox.,se tomará á esquerda,unha estrada asfaltada cara Lourido e Lodeiro.Unha vez chegado ó lugar de Lodeiro dende a mesma estrada pódese apreciar sen dificultade a defensa do recinto castrexo (a súa única muralla).

3-MEDIDAS.

EIXES: NO-SL...71 mts.

NL-SO...44,70 mts.



DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11			13,20 mts	

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 30 201, Ferrol
www.ateneoferrol.org

4-DESCRIPCION.

Polo seu lado norleste hai un camiño de acceso ó recinto que,para a súa construción,tronzou (achanando) unha parte da muralla deste lado.

A súa conservación polo tanto é regular e a propiedade do terreo é privada.Preto del hai río e os seus arredores o forman piñeiros,eucaliptos e silveiras.

5-FOLKLORE.

Unha muller de 50 anos veciña do lugar dixo:

"...Iso foi de xente antiga,dos moros...Aí ten que haber algo enterrado,porque xa apareceron cousas,pois parece que apareceu unha medalla hai anos,tamén apareceu unha pedra cilíndrica que está de pedreira nunha terra, e apareceron cachos de platos..."



Un home do lugar relatou:

"...Hai castros en Avión,Lago,Sequeiro e Castrillón...Neste apareceu un forno nun sitio que lle chaman As Telleiras,e ten que ser moi antigo.O castro foi dos moros,e hai outro con minas en Meirás,cerca de Suárez,onde encontraron lápidas e tumbas,e despois creo que o dono do castro encontrou unha medalla..."

Unha muller de 50 anos dixo:

"...Dín que debaixo do castro ten que haber tesouros,que debaixo estiveron os moros,e hai unhas canterías...Sempre estivo así e tamén dín que había túneles no fondo..."

CASTRO DE LODEIRO



CASTRO de CASIANES

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - Santiago de Pantín

LUGAR. - Casianes

43°37'54" LAT.N.

COORDENADAS. -

4°24'42" LONG.O.

ALTITUDE. -130 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que colle-la estrada Ferrol-Cedeira.O chegar ó quilómetro 19,300,no lugar de Casianes,tomar un camiño ascendente á dereita que leva ó pé do castro.

3-MEDIDAS.

ELXES: N-S...---

L-O...64 mts.- (única zona medible).

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INTI
MURALLA-11	56 mts	9 mts	3.50 mts	6.50 mts
FOXO-1		4.50 mts		



Ateneo Ferrolán

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro de ladeira.Na actualidade,o xacemento preséntase nunhas condicións de conservación moi precarias.Case todo está achanado; soamente hai parte dunha muralla e un foxo,cunhas direccións Norte-Sur.Muralla e foxo coma únicos vestixios do xacemento.

A propiedade do terreo é privada e a súa forma pódese dicir que era redondeada.

Posúe piñeiros,eucaliptos e outros árbores; así mesmo,está cultivado e roturado.

Preto del hai unha fonte,un regato e praia.

5-FOLKLORE.

Un home de 65 anos,veciño do lugar,contou:


"...Era cousa de mouros e había como unha especie de cova...Pero aí non apareceu nada nunca..."

Unha veciña de 55 anos dixo:

"...No Rodo había unha vila de Lucerna (1),que se hundira,e agora pasa un río onde divide Pantín de Valdoviño...Dicían que o castro era dos mouros e tamén dos románs,aínda que tamén estiveron os fenicios...Hai como unha coviña no coto..."

(1)-Juan García Atienza na súa obra "Guía de la España Mágica",recolle,no pobo de Corucedo (León),a mesma lenda e có mesmo nome de Lucerna.

CASTRO DE CASIANES



CASTRO de VIDUEIROS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. -S.Vicente de Vilaboa

LUGAR. -Vidueiros (A Croa)

43°35'57"LAT.N.

COORDENADAS. -

4°21'25"LONG.O.

ALTITUDE. -240 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Pola estrada Ferrol-Cedeira, chegar ata Valdoviño. Unha vez ali, toma-la estrada cara Cerdido e, no quilómetro 10, coller unha estrada á dereita cara Vilaje, Caneiro e chegar ata Vidueiros. O castro emprázase no cume dun monte, no lugar de Vidueiros, monte coñecido polos veciños como "Monte da Croa".

3-MEDIDAS.

EXES: N-S...54 mts.

L-O...74 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT	ALT. INT
MURALLA-1 Perimetral	3 mts	2.80 mts	0.50 mts	

Fundado en 1879

Ins. Magde. no 303-304, Ferrol

www.aceoferrol.org

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro cun sistema defensivo moi sinxelo: unha única muralla máis un socalco que o rodean perimetralmente. A súa forma é ovalada. Tódalas entradas que hoxe se poden ver son modernas. O seu estado de conservación é bo, e a súa propiedade privada. Eucaliptos e monte baixo compoñen o seu estado vexetal. Preto del hai un regato.

5-FOLKLORE.


Un veciño de 65 anos :

"...O castro foi dos moros, eso é o que din os vellos...Estuveron nel os moros algún tempo, e hai ouro, pero nunca se supo nada...Había unha vella que tiña un libro que dicía que había un barril de ouro e que tiña que ser descuberto cunha pata de cabra...".


Un home de 40 anos dixo:

"...Dín que os moros enterraron un cofre de ouro, cerca do río, pero nunca se encontróu nada, pero aí viviron os moros...".

CASTRO DE VIDUEIROS



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro por la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202501, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO de POULO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - Sta. Eualalia de Valdoviño

LUGAR. - Pouló

COORDENADAS. - 43°36'07" LAT.N.

4°27'07" LONG.O.

ALTITUDE. - 70 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Cedeira e ó chegar a Valdoviño, na Porta do Sol, coller unha desviación á dereita (antes de chegar a gallada da estrada que sube O Trece e outra que leva ata a praia da Frouxeira) cara Pouló. Chegados a Pouló, dirixirnos ó lugar chamado "Os Castros" onde emprázase o xacemento, a uns 200 mts. da estrada Ferrol-Cedeira.

3-MEDIDAS.

EIXES: NL-SO...101 mts.

NO-SL...78,5 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-11	Perimetral	3 mts	6 mts	

Colocación feita para a cultura
de 1879

4-DESCRIPCIÓN.

Aínda que o estado de conservación do castro é precario pódese ollar restos do que foron as súas defensas e neste caso unha muralla case perimetral. Ten dous lenzos: un nas caras que van de Leste a Oeste, o máis extenso, e outro de lonxitude máis pequena que vai no seu lado Norleste. Na cara norte hai unha vivenda arranchando a continuidade do recinto, así como unha pista, que bordea na súa grande parte ó xacemento.

Os eixes medíronse na estrutura actual, mais sin dúbida, a croa tiña maior extensión. As entradas que atopamos son modernas.

A altura exterior da muralla mediuse pola banda máis alta, é dicir, polo Surleste.

A propiedade do terreo onde aséntase o castro é privada e como xa dixemos, a súa conservación é mala.


Atópanse os arredores arborados e tamén terreos roturados e cultivados. Preto del áchase praia, lagoa e regatos.

5-FOLKLORE.

Unha muller de 45 anos contou:

"...Decían que aí o fixeran os moros cando a guerra...Según miña abuela aí encontrábase un pucheiro fai tempo, pero non sei que tiña dentro...Na parte de enriba, xunta á casa, había unhos furados ou covas que tamén os fixeron os moros..."

CASTRO DE POULO



CASTRO de CRECENTE

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. -S.Pedro de Loira

LUGAR. -Crecente

COORDENADAS. - 43°35'40"LAT.N.

4°24'15"LONX.O.

ALTITUDE. -239 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Cedeira e chegados a Valdoviño colle-la estrada cara S.Sadurniño e chegar ata Loira.En Loira tomar unha estrada asfaltada cara Balocos e a 700 mts voltar a desviarse á dereita por outra estrada que leva ó lugar de Crecente e Furada,distante dende a gallada anterior 1.200 mts.O castro emprázase á dereita da estrada,xunto dunha casa.

3-MEDIDAS.

EIXES: NO-SL...93 mts.

NL-SO...83 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	Perimetral	7,50 mts	3,5-8 mts	2 mts
MURALLA-2	Perimetral	7,50 mts	7 mts	1,50 mts
MURALLA-3	Semiperim.	1,50 mts	1-3,5 mts	1,50 mts
FOXO		5 mts		
ENTRADA		3 mts		

4-DESCRIPCIÓN.

Ten un antecastro de proporcións amplias,no seu lado Sur-Surleste (N-S...28 mts;L-O...90,30 mts).

Creemos que a entrada orixinal do castro sitúase no seu lado Suroeste,flanqueado por un gran torreón nun dos seus lados.Ten outras entradas mais son recentes.

O estado de conservación do recinto é bon en xeral aínda que aparecen camiños que tronzan en parte as súas defensas.A propiedade do terreo é privada,e ten preto regatos.



A vexetación compónse de piñeiros,eucaliptos,carballos,silveiras e toxos.

5-FOLKLORE.

Un home de 55 anos,veciño do lugar,díxonos:

"...Iso foi feito polos mouros...Miña abuela tiña 96 anos cando morreu e xa falaba dos castros,está de sempre no lugar...pero non sei nada máis..."

CASTRO DE CRECENTE



CASTRO de Os CASTROS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - Santiago de Pantín

LUGAR. - A Loira

COORDENADAS. - 43°38'32" LAT.N.

4°24'15" LONX.O.

ALTITUDE. -150 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Colle-la estrada Ferrol-Cedeira ata o quilómetro 21. Dende a curva (no quilómetro 21) e seguindo a 500 mts., chegar ó lugar coñecido como A Loira, onde se subirá a pé por un camiño que leva cara un cortalume e unha liña de alta tensión e a 300 mts aproximadamente, coincidindo cá parte máis elevada do cortalume devandito, á dereita, emprázase o xacemento.

3-MEDIDAS.

EIXES: NO-SL...102,50 mts.

NL-SO...72 mts.

Ateneo Ferrolán

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	Perimetral	2,50 mts	1,80-2,50 m	0,5-1 mts
FOXO-1		7 mts		

4-DESCRIPCION.

O castro ten, tanto polo seu lado Sur como polo seu lado Oeste un foxo desvaído. Non podemos considerar como entrada orixinal do castro unha abertura na muralla no seu lado norleste, que é, de certo un acceso moderno.


A propiedade do terreo é privada e a conservación é regular. Preto del hai eucaliptos e silveiras. Non moi lonxe atópase praia e manantial.

5-FOLKLORE.

Un home de 86 anos, veciño do lugar, dixonos:

"...O fixeron os moros...E tiñan feitos fornos de cocer aí abaixo, na volta da carretera, pero de eso xa fará moitos siglos...Os fornos eran de pedra, cunha bóveda por arriba e unha porta por diante..."

OS CASTROS (PANTIN)



CASTRO de LAGOA < > CASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño
PARROQUIA. - Santiago de Pantín
LUGAR. - Lagoa / O Castro

COORDENADAS. - 43°37'53" LAT.N.
4°26'00" LONG.O.
ALTITUDE. - 40 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Colle-la estrada Ferrol-Cedeira.No quilómetro 15,300,tomar unha desviación á esquerda,cara a praia do Rodo,ata chegar ó lugar de Castro,onde se preguntará polo xacemento (á dereita da estrada).

3-MEDIDAS.

Foínos imposible medir tanto eixes como defensas neste castro,dado o mal estado no que o atopamos.

4-DESCRINCIÓN.

O castro está practicamente perdido polo achamento que se levou nel.Consérvase,nenbargantes,un pequeno lenzo da súa antiga muralla,pero moi trastocada.

Polas explicacións dun home do lugar,o xacemento había de ser de grandes proporcións,non só no tamaño das súas defensas,senon tamén,na súa parte habitada.

Atopamos na zona,na superficie do chan,un anaco de cerámica decorada de pequeno tamaño (ver debuxos) có número de marcaxe Lag.1.

A propiedade do terreo é privada e a súa conservación xa dixemos que é moi mala.

A vexetación que o rodea está formada por prados e silveiras.Preto del hai praia e regatos.

5-FOLKLORE.

Un home de 61 anos,veciño do lugar,díxonos:

"...No castro estaban os moros...Cando eu era pequeno,había un coto moi alto,pero agora aplanaron todo...Dín que había un cabrito de ouro enterrado debaixo dunha pedra moi grande (1),e os moros tocaban unhos instrumentos,pois eles facían festas no coto...Apareceran fai anos pedras desas de girar e pedras de forno...O coto estaba alto e parecía que había furados,e había muros de pedras todos labradifios...Decía miña abuela que moitas noites sentía toca-la gaita no castro...Todo esto é da miña irmá,pero aplanóuno como vedes,pero cando éramos pequenos as murallas do coto eran altísimas..."

(1)-Este home acompañounos ó xacemento e enseñounos a pedra onde,según contan,atopase enterrado o cabrito de ouro.

CASTRO de VILARRUBE

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - Valdoviño

PARROQUIA. - S.Martiño de Vilarrube

LUGAR. - O Coto do Castro

COORDENADAS. - 43°37'32" LAT.N.

ALTITUDE. - 281 mts

FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Haberá que colle-la estrada Ferrol-Cedeira.O chegar ó quilómetro 24,tomar unha estrada asfaltada á dereita cara Cotelo.Logo de Cotelo,Fontegrande,Pena,Atrio e S.Martiño de Vilarrube (aldea) e unha vez rebasados estes lugares,se chegará á aldea de Castro.O xacemento emprazábase no cume dun monte,ben visible dende Castro.

3-MEDIDAS.

Non se pode facer algunha medición dado o estado no que se atopa o xacemento.

4-DESCRICIÓN.

Se antigamente houbo un castro que,abofé,pódese afirmar,hoxe en día non fica ningún resto del.Está absolutamente achanado,aínda que se pode apreciar gran cantidade de pedra solta no monte onde se ubica o xacemento.

A propiedade do terreo é privada e a súa conservación é moi deficiente.A vexetación a forman piñeiros,eucaliptos e silvas.


Non moi lonxe del hai río e praia.

5-FOLKLORE.

Un home de 50 anos veciño do lugar nos dixo:

"...Lle chaman o Coto do Castro,e había como un milladoiro cando eu era pequeno...Os vellos dicían que viviran os mouros fai moito tempo...Había arriba,no Coto,como un milladoiro de pedras,redondo,como o tamaño dun pozo,pero agora non queda nada,está todo desfeito..."

CONCELLO DE S. SADURNIÑO



- 1-A Croa do Castro 1 (Bardaos)
- 2-Coto do Castro (Lamas)
- 3-A Croa do Castro 2 (Santa Maria a Maior do Rosario)
- 4-Castro de Castrelo
- 5-A Croa de Castrelo
- 6-A Croa (San Sadurniño)
- 7-As Croas (Lamas)

A CROA do CASTRO (1)

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño

PARROQUIA. - Sta. N^a de Bardaos

LUGAR. - Castro / Fraga

COORDENADAS. - 43°34'44" LAT.N.

4°20'43" LONG.O.

ALTITUDE. - 254 mts

FOLLA CATASTRAL. - N^o 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Ribadeo por Xubia

(cara S. Sadurniño). O chegar ó quilómetro 24, pasando a canteira de Moeche, coller unha estrada asfaltada cara Bardaos. Os 1.500 mts. irase por outra estrada á esquerda cara Sanguifeira e, a 500 mts. máis ou menos, collerase á dereita unha estrada en dirección Castro. O xacemento está no cume do monte, ben visible dende as casas do lugar de Castro.

3-MEDIDAS.

EIXES: NO-SL...122 mts.
NL-SO...89,50 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	Semiperimtl	3 mts	1,50 mts	0,50 mts
MURALLA-2	Semiperimtl	2 mts	Socalco	1,50 mts
MURALLA-3	Perimetrall	3 mts	Socalco	2 mts
FOXO-1		4 mts		
FOXO-2		3,50 mts		
ENTRADA		3 mts		

4-DESCRIPCION.

É un castro de cume. No interior da croa véñse restos de excavación furtiva e, na parte Leste da muralla terceira, destapouse unha posible impronta de pranta de vivenda castrexa, aínda que isto decímolo con reservas, xa que non está excavado ben e máis ben é un burato feito por aficionados.

Aínda que dixemos que ten dous foxos, na realidade só pódese apreciar un, o número 1, xa que o foxo número 2 está entre a muralla terceira e a croa, ocupando ó lado Leste e Sur do recinto.

A entrada do recinto castrexo áchase no seu lado Surl este.


A propiedade do terreo é privada e a súa conservación é boa. Ten preto del eucaliptos, felgos e toxos, e tamén un regato.

5-FOLKLORE.



Un home de 50 anos veciño do lugar dixo:

"...Eso foi dos mouros, eso din... Era unha fortificación deles antigamente..."

A CROA DO CASTRO (1) (STA. MARIA DE BARDAOS)



- a : 1ª Muralla
- b : 2ª "
- c : 3ª "
- d : 1º Foxo
- e : 2º "
- f : Entrada



COTO do CASTRO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño
PARROQUIA. -S.Xulián de Lamas
LUGAR. -Rivoira

COORDENADAS. - 43°32'39" LAT.N.
4°22'12" LONG.O.
ALTITUDE. -181 mts
FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Dende a estrada comarcal Ferrol-Ribadeo chegar ata o lugar de Rivoira pasando S.Sadurniño.Se tomará unha pista asfaltada á esquerda e a 200 mts. emprázase á man esquerda o castro,nun coto,ben visible dende a pista.

3-MEDIDAS.

FIXES: NL-SO...137 mts.
NO-SL...115 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
NURALLA-1 Perimetral	13,50 m	10 mts	0,50-1,80	
FOXO-1		5 mts		
ENTRADA		3 mts		

4-DESCRICIÓN.

Trátase dun castro de cume.Ten dúas entradas,unha situada ó Norte,outra ó Sur; a primeira parece nova aínda que cremos que a segunda (zona Sur) puidera ser a entrada orixinal do recinto castrexo.

No lado Oeste hai unha gran canteira que, en parte,destrozou as defensas e parte da croa desta parte do xacemento.No seu lado Sur ten un foxo moi mal conservado.

O castro ten un socalco moi pronunciado nalgúns sectores.Cabe a hipótese de que o castro tivera un antecastro no lado Sur mais é moi difícil a súa verificación polo estado desfeito do terreo.

Segundo Federico Mancifreira neste xacemento atopáronse unha fíbula de bronce e un torques de ouro do século III ó IV a.c.

En xeral,a conservación do castro é boa e a propiedade do terreo particular.Unha poboación de eucaliptos e piñeiros,ademáis de toxos e silvas,tapa o recinto.Preto del hai un regato.

5-FOLKLORE.



Unha muller de 87 anos: "...O castro foi feito polos mouros,pero tamén estiveron os negros,e os negros tocaban a flauta...Apareceron pedras moi feitizas en paredes,e as paredes eran cuadradas e moi ben feitas,e tamén apareceron olas de barro queimadas,en cachifios,e iste muíño (1) tamén o atopei no castro...".

Un veciño de 45 anos: "...De niño fui a excavar con un profesor y aparecieron muchos trozos de cerámica,algunos muy grandes,hebillas y unos trozos raros de metal (2) así como una espada...Todo el material se lo llevó el maestro que era de Nugaros...Alguna cerámica tenía dibujos...".

(1)-A muller mostrounos o muíño de man,muíño en moi bo estado de conservación.

(2)-Fíbulas.

COTO DO CASTRO (LAMAS)



A CROA do CASTRO (2)

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño
PARROQUIA. - Sta.ª Maior do Rosario
LUGAR. - Carballo

COORDENADAS. - 43°32'37" LAT.N.
4°22'38" LONX.O.
ALTITUDE. - 192 mts
FOLLA CATASTRAL. - Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Pola estrada Ferrol-Ribadeo chegar ata S.Sadurniño. Alí toma-la Avenida do Marqués de S.Sadurniño e seguir pola desviación S.Sadurniño-Lamas. No lugar chamado "da Rubiña" tomar unha pista á esquerda que leva ó pé do monte do Carballo onde emprázase o castro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...100 mts. (aprox.)
L-O...80 mts. (aprox.)

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT. EXT.	ALT. INT.
MURALLA-1 Perimetral		3 mts	2,50 mts	1 mts
FOXO-1		5 mts		

Atenco Ferrolán

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro de cume. Na actualidade o xacemento está case destruído nun 90% debido ó achanamento da croa e das defensas e tamén pola construción dunha pista que arrasou a segunda liña defensiva e o foxo. Só conservase tres tramos pequenos da súa primeira liña de muralla.

Nun cálculo aproximativo cremos que tiña un perímetro de 330 mts. e un diámetro maior de 100 mts. Os eixes son aproximados na súa medición.

Dende este xacemento ó castro de Rivoira (Coto do Castro), hai un quilómetro en liña recta.

O entorno natural componse de piñeiros, eucaliptos, toxos e silvas, e ten preto del un regato.

A propiedade do terreo é privada e a súa conservación mala.



5-FOLKLORE.

Un veciño de 60 anos dixo: "...A croa foi feita polos mouros, e tiña unha cova todo arredor moi ben feita (1) que era donde eles se defendían cando había peligro, pero hoxe xa non hai nada porque fixeron a pista... Dician que había unha gran pena de seixo e si se lle rezaba unha oración, abríase en dúas partes e tiña dentro un tesouro...".

Unha muller de 69 anos: "...A croa foi dos moros, e no monte había unha fonte e dician que iba a estalar por un encanto có segundo diluvio, e a auga chegará hasta os pés da Virxen do Rosario...".

(1)-Cremos que a descripción coincide co que foi o foxo.

A CROA DO CASTRO (2) (STA. M^ª MAIOR DO ROSARIO)



CASTRO de CASTRELO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño
PARROQUIA. - Sta.Mariña do Monte
LUGAR. -Castrelo


COORDENADAS. - 43°34'50"LAT.N.
4°23'17"LONG.O.
ALTITUDE. -261 mts
FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Ribadeo e chegar ata S. Sadurniño.Unha vez ali,colle-la estrada cara Valdoviño.No quilómetro 6,nunha encrucillada,tomar á dereita unha pista asfaltada cara ó lugar de Castrelo.A 1700 mts. da anterior gallada,hai outra,onde colleremos o ramal da dereita,e a 200 mts.,á esquerda da pista,emprázase o xacemento nun pequeno outeiro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...28 mts.(zona medible)
L-O...68 mts.



DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1 Perimetral	15.50 mts	3.20 mts	1.75 mts	
MURALLA-2 Perimetral	3.50 mts	1.10 mts	2 mts	
FOXO		6 mts		

INSTITUTO DE CULTURA
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201 Ferrol
www.institutocultura.org

4-DESCRIPCIÓN.

É un castro de chaira,aínda que se empraza nun pequeno outeiro,cunha lixeira inclinación cara ó Norte.

O seu foxo atópase no seu lado Sur.

Tódalas entradas son recentes; pola súa cara Norte e Oeste,o conxunto castrexo foi achanado pola construción dunha pista e unha vivenda,polo que o seu estado de conservación é lamentable e é moi difícil delimitar as súas medidas.

Os terreos son de propiedade particular e preto del hai un regato.

Posúe eucaliptos,taxos e silvas que fan moi dificultoso a súa medición.

5-FOLKLORE.



Un veciño do lugar de 62 anos dixo:

"...O castro foi feito polos mouros...O fixeron en redondo,e lle chaman Croa pero é un castro...Apareceu un forno debaixo dunhas pedras e un día un home de aquí encontrou unha pedra con brillantes...Aí diante hai tamén unha croa (1) que foi feita igual polos mouros..."

Unha muller de 70 anos comentounos: "...Pola parte de abaixo por onde corre a pista,había un camiño que lle chamaban - da Congosta - que iba cara ó castro,e era un camiño moi fondo...O castro foi dos mouros..."

(1)- Do Castro de Castrelo ata a Croa de Castrelo hai 300 mts.

CASTRO DE CASTRELO



A CROA de CASTRELO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño
PARROQUIA. - Sta.Mariña do Monte
LUGAR. -Castrelo

COORDENADAS. - 43°34'48"LAT.N.
4°23'07"LONG.O.
ALTITUDE. -282 mts
FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Ribadeo e chegar ata S. Sadurniño.Unha vez ali,colle-la estrada cara Valdoviño.No quilómetro 6,nunha encrucillada,tomar á dereita unha pista asfaltada cara ó lugar de Castrelo.A 1700 mts. da anterior gallada,hai outra,onde colleremos o ramal da dereita e,a 700 mts. (seguindo a pista e pasando o Castro de Castrelo),tomar un camiño de terra á dereita que leva ó xacemento.Tamén coñécese có nome de Castro de Escoltoadoira.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...41 mts.
L-O...65 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1	Perimetral		4,20 mts	0,50 mts

4-DESCRICIÓN.

É un castro de cume,cunha forma ovalada.

O seu sistema defensivo consta dunha única muralla que o rodea perimetralmente (hoxe só é apreciable no seu lado sur e suroeste) seguida por un socalco natural,socalco de gran e prolongada caída na súa cara norte.

Os terreos son de propiedade privada e a súa conservación é regular.

Ten piñeiros,eucaliptos,toxos e silvas.

Preto del hai un regato.




5-FOLKLORE.

Un veciño do lugar de 62 anos dixo:

"...Había enterrado un pote na Croa,pero cando foi o dono do terreo a busca-lo non o atopou,xa se olvidara onde estaba metido...A Croa foi feita polos mouros,Igual que o castro de alá en baixo (1)...".

(1)- Refírese ó Castro de Castrelo.

CROA DE CASTRELO



A CROA

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño
PARROQUIA. - Sta. N^o de S.Sadurniño
LUGAR. - A Coruxa

COORDENADAS. - 43°32'15" LAT. N.
4°23'33" LONG. O.
ALTITUDE. - 62 mts
FOLLA CATASTRAL. - N^o 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Ribadeo. Pouco antes de chegar a S.Sadurniño (despois de atravesalo río Xubia), colle-la estrada á esquerda cara A Carreira. A 900 mts. desta gallada, tomar unha pista asfaltada á dereita e chegar ata ermida de S.Cristobo. O xacemento emprázase uns 100 mts. detrás da ermida.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...54,50 mts.
L-O...79 mts. //

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1 Perimetral	10 mts	2,50-5 mts	1,50 mts	

www.monesterol.org

4-DESCRICIÓN.

É un castro de chaira e ten forma ovalada. A súa única defensa é unha muralla que o rodea perimetralmente. Pola súa cara Norte atopamos un lenzo de muralla en perfectas condicións.

Non podemos dicir con certeza que a entrada orixinal do recinto se conserve, mais, podería estar situada na súa cara Leste (cunha anchura de 3,50 mts).

En liñas xerais a súa conservación é boa e os terreos son de propiedade privada.



Ten piñeiros, eucaliptos, moitos carballos e monte baixo.

Preto del corre un pequeno regato e hai unha fonte.

5-FOLKLORE.

Perdeuse na súa totalidade.

A CROA (S. SADURNIÑO)



AS CROAS

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño

PARROQUIA. -S.Xulián de Lamas

LUGAR. -Ramil

43°32'11"LAT.N.

COORDENADAS. -

4°21'15"LONG.O.

ALTITUDE. -146 mts

FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Colle-la estrada comarcal Ferrol-Ribadeo.Pasando S.Sadurniño e no quilómetro 68,400 (dous quilómetros despois de S.Sadurniño) desviarémonos por unha estrada asfaltada á dereita que conduce ó lugar de Ramil,estando este lugar ó pé duns cotos que reciben o nome "das Croas",onde emprázase o xacemento.

3-MEDIDAS.

Eixes inmedibles.

4-DESCRIPCION.

○Coto das Croas por acharse cheo de toxos que superan nalgúns tramos os dous metros,foinos practicamente imposible facer algunha medición.Nembargantes,apréciase no coto máis pequeno unha pendente que podería tratarse dun socalco.

Xa dixemos que ten toxos,silvas ademáis de piñeiros e eucaliptos.

Preto del hai un regato.

A propiedade do terreo é privada e a conservación mala.

5-FOLKLORE.

Perdeuse na súa totalidade.Só algúns veciños do lugar dixeron que "...no monte das Croas hai zanzas e departamentos...".

RELACIÓN de CASTROS DESAPARECIDOS.

CONCELLO DE FERROL.

1 — Castro de Ferrol Vello: Montero Aróstegui, J. na súa obra "Historia de Ferrol" (Madrid, 1859), fálanos dun primitivo asentamento castrexo onde poderíanse atopar as orixenes da nosa cidade.

Rodríguez-Vilasante Prieto na súa obra "Los buques y los hombres en la Historia de la Ría de Ferrol" (Ferrol, 1984), fai tamén mención.

No "Diccionario Geográfico" (voz Ferrol) de Pascual Madoz (Madrid, 1847), ó facer descrición do nome das rúas ferrolanas, xa daquela, cita a Rúa do Castro.

2 — Castro de Sta. Mariña: Dentro da parroquia de Sta. Mariña do Vilar (43°29'51"Lat.N.-4°32'04"Lonx.O.) cunha altitude de 73 mts., asentábase un xacemento castrexo que foi achanado para á construción dos depósitos de auga que abastecen a cidade. Hoxe só conserva un pequeno tramo do que antigamente foron as súas defensas.

CONCELLO DE FENE.

1 — Castro das Pías: Na parroquia de S. Estebo de Perlío (43°28'30"Lat.N.-4°29'10"Lonx.O.) atopábase un castro costeiro que quedou desfeito na ampliación das instalacións de ASTANO (ano 1970).

2 — Penas do Castro: Topónimo situado na parroquia de Santiago de Barallobre, nembargantes non atopamos vestixios nin folklore.

3 — Castro de Barallobre: Atopábase na parroquia de Santiago de Barallobre e as súas coordenadas son: 43°27'46" Lat.N.-4°29'09" Lonx.O. Na actualidade o castro está desfeito aínda que vemos un pequeno arribón pola súa cara Oeste. Pola súa proximidade con Penas do Castro (uns 50 mts.), asómase a hipótese que ambos constituíran un único xacemento.

4 — Castro de Sartego: Na parroquia de S. Salvador de Fene e no lugar do Sartego parece que antigamente podíase emprazar un castro, aínda que nos non atopamos ningún vestixio, topónimo nin tradición oral.

CONCELLO DE ARES.

1 — Castro de Lubre: Na parroquia de San Xosé de Ares (43°25'55"Lat.N.-4°33'47"Lonx.O.). Polos datos recollidos no lugar, cremos na antiga existencia dun recinto castrexo, aínda que na actualidade está desaparecido.


CONCELLO DE VALDOVIÑO.

1 — No quilómetro 22 da estrada Ferrol-Cedeira atópase restos do que foi un castro. Na actualidade pouco pódese ver e moito menos facer algunha medición do recinto, xa que a estrada tronzou gran parte do xacemento.


CONCELLO DE SAN SADURNINO.

1 — Pola estrada Ferrol-Lugo por As Pontes preto do lugar de A Toca, atopamos o topónimo Castro, a carón da explotación de ENDESA, e tamén coma nos casos anteriores non atopamos nin xacemento nin folklore.

DEBUXOS



MACHADO PROCEDENTE DO CASTRO DE QUINTA




Lag. 1

ANACO DE CERAMICA ATOPADO NO CASTRO DA LAGOA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1979
Lugo, Galicia, España
www.ateneoferrolan.org



CANLE DA 2ª MURALLA NO CASTRO DE PAPOI (CARA LESTE)



CASTRO DE VILASANCHE



Ateneo Ferrolán
Agrupación Cultural
Fundado en 1879




CASTRO DA FROUXEIRA




CASTRO DE QUINTA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO DO RODO




CASTRO DE CASTRILLON



Ateneo Ferrolán



APARELLO NO CASTRO DE SEDES



CASTRO DE CARDOEIRO


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879




MUINO NO CASTRO DE ORRA



CASTRO DE POULO




CANLE DA 2ª
MURALLA NO
CASTRO DE PAPOI



CASTRO DE LOBADIZ



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CASTRO DE STA MARIÑA (ARES)

...ción
... para a cultura
... undado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
...



CAIXA GALICIA


CUADERNOS

ΔΕΛΤΕΟ ΦΕΡΡΟΛΑΝ

ΑΝΟ 7

ΝΕ5

1987



catalogación castrexa
de bisbarra de ferrol